

# **CONCELLO PLENO**

## **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2010/03

**CARACTER:** ORDINARIA

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 10 de maio de 2010

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **10 de maio de 2010** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa

Dona Mari Luz Alvarez Lastra

D.Horacio Cupeiro Rodriguez

**Polo Grupo do P.P.**

D. José Carlos Rodríguez Andina

D<sup>a</sup> Ana María Docobo Fernández.

D. Jesús López Penabad

Dona Begoña Sanjurjo Santar.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Balbino Pérez Vacas

D. Ramón López Pérez

Dona Maria José Rodríguez Arca

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D. Francisco Rivas Álvarez

Agustín Reymondez Gancedo.

**Secretario:**

D.Manuel J. Diaz Sánchez

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Olalla Alvarez de Neyra Martínez.

**Técnico de Admon. Xeral.**D.José Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello , nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pasase dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2010/01/19- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚM. 2 DE DATA DO 15 DE MARZO DE 2010.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de data 15 de marzo de 2010, acta núm. 2010/02 nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI fai referencia a que quere facer unha pregunta respecto a que na sesión o seu compañeiro Sr. Reymunde Gancedo fixo unha serie de rogos e non figura , non sabe se non se dixo ou non se recolleu porque non funcionaba a grabadora, e pregunta respecto a si se aceptaban ou non os rogos, sinalando que figuran, pero non se di si se aceptan ou non.Interven o Secretario e manifesta que se non se recolleu e porque non hai constancia dese extremo.O Sr.Rivas di que en rogos e preguntas voltaran co tema para saber cal é o punto de vista da Alcaldía.

De seguido polo Pleno Municipal, previa pregunta da Alcaldía ao efecto, por unanimidade en votación ordinaria acordase a aprobación da acta da sesión ordinaria de 15 de marzo de 2010.

**2010/02/20.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE A NÚMERO 12/2010 DE 3 DE FEBREIRO Á NÚM. 44/2010 DE 31 DE MARZO DE 2010.**

Dada conta das resolucións antecitadas iniciase deliberación sobre as mesmas.

Intervén en primeiro lugar o Concelleiro Sr. Rivas Alvarez do Grupo municipal de UPRI, preguntando polo decreto 34/2010, e sinalando que se trata dunha resolución da Alcaldía donde se di que o Concello se fai cargo dunha porcentaxe dos servizos sociais do 58,23%, e pregunta se isto é porque se ten constancia da subvención e do resto do montante, ou porque se fixou esta cifra.

Resposta o Sr. Alcalde que isto son unha serie de datos técnicos e económicos que elabora o asistente social do Concello e manifesta que él entende que son para pedir o Plan Concertado Anual, que cre que para este ano e este exercicio

vai cambiar, ó que obrigou a mandar unha serie de información económica adicional. Di que él pensa que é así que non o sabe con certeza, que é o que lle dixo o asistente social cando lle propuso ese decreto.

Pregunta o Sr. Rivas Alvarez se isto se fai porque non están elaborados os presupostos de 2010.

O Sr. Alcalde resposta que non llo pode dicir.

Prosegue o Sr. Rivas Alvarez, preguntando polo decreto 40/2010 que é dunha sanción que se impón a un establecemento, a un pub, nunha sanción dunha cuantía de 60,10 € que é a tarifa mínima tendo en conta que se podía adoptar a sanción de ata 1.502,53 € e pregunta cal foi a infracción que cometeu, xa que ven o artigo e a lei, pero como non tiña a documentación non o sabe, di que pon que a resolución se aplica tendo en conta que é unha infracción de carácter leve, que é o artigo 26.5 e que se lle puxo o mínimo.

O Sr. Alcalde pregunta ó Sr. Rivas Alvarez que é exactamente o que quere preguntar.

O Sr. Rivas Alvarez manifesta que quere saber cal foi o motivo da sanción.

O Sr. Alcalde di que é por portas abertas, e que está no expediente e que pode ve-lo cando queira.

O Sr. Rivas Alvarez manifesta que podería ve-lo pero que non dispón de tempo para ver todos os expedientes e que por iso fai a pregunta, e que en todo caso, aplica o refrán do outro día de “non se pode nadar e garda-la roupa”.

Inicia o seu turno o portavoz do grupo municipal PSOE, o Sr. López Pérez, manifestando que por continuar co decreto que dixo o compañeiro do UPRI, que ten o número 34/2010, e di que no cadro donde consta o persoal adscrito aos servizos sociais comunitarios figuran dous traballadores sociais, e pregunta desde cando hai un traballador social a media xornada.

O Sr. Alcalde resposta que xa hai un tempo, un ano e pico ou dous.

O Sr. López Pérez pregunta se a carga de traballo é tan grande como para necesitar dous traballadores sociais.

O Sr. Alcalde manifesta que entende que si, e que polo tanto no seu momento cre que fai dous exercicios, se formulou a petición á Xunta de Galicia e ésta concedeuno e é subvencionado.

Prosegue referíndose o Sr. López Pérez ao decreto 26/2010 e 33/2010 que é dun pago a unha empresa, concretamente o “Ribadeo Centro Clínico” polos servizos de axuda a domicilio, e di que cre que entendeu en palabras do propio Alcalde de que este servizo ía rematar o 31 de decembro e agora encóntranse

que no mes de xaneiro e o de febreiro seguían contando cos servizos desta empresa. Pregunta se se renovou o contrato , ou se foi tacitamente , ou se foi unha oferta.

O Sr. Alcalde di que en aplicación do que son os contratos menores, limitouse ó que é o contrato menor, licitouse despois a través do que é o procedemento negociado e quedou deserta a adxudicación , porque ninguén se presentou , e agora decidiuse, para non deixar descuberto o servizo, volve-la a contratar a través dun contrato menor, pero volverase a licitar a través dun procedemento aberto nos próximos días, xa que debido a carga que hai nas oficinas xerais foi imposible face-lo antes, pero que nunhos días sairá a contratación aberta.

Inicia o seu turno o portavoz do Grupo Municipal Popular o Sr. Rodríguez Andina e manifesta que visto que UPRI ten dous e que o PSOE ten dous, xa llos expuseron todos.

O Sr. Rivas Álvarez do grupo municipal UPRI di que tampouco había tantos.

Dase polo tanto por cumprido o tramite de dación de conta das resolucións epigrafiadas.

### **2010/03/21.-LICENCIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e obras de 6 de maio de 2010 sobre as licenzas epigrafiadas, lendose o mesmo, que se transcribe de seguido:

#### **1.-EXPEDIENTE DE LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-**

Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia:

##### **1.1 LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA MARIA JOSEFA LUACES RODRÍGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA EN A RUA-SAN VICENTE DE COVELAS, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/04 tramitado a instancia de dona María Josefa Luaces Rodríguez, para vivenda unifamiliar illada de plantas baixa e baixo-cuberta en A Rúa- San Vicente de Covelas (Ribadeo), construída ao abeiro da licencia de obras concedida pola Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2006, expediente número 2006/76.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI,

xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de abril de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

### **1.2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON ANTONIO EMILIO LÓPEZ PIÑEIRUA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE PLANTAS BAIXA E BAIXO-CUBERTA EN O ESPÍN, 11, VILASELÁN, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/05 tramitado a instancia de don Antonio Emilio López Piñeirúa para licenza de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar illada realizada en O Espín, 11-Vilaselán, segundo licenza municipal de obras concedida pola Xunta de Goberno Local con data 15 de xuño de 1998, expediente 98/57.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de marzo de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

De seguido polo Pleno Municipal acórdase en relación a cada un dos expedientes a adopción dos acordos que seguen:

### **1.1 LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DONA MARIA JOSEFA LUACES RODRÍGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA EN A RUA-SAN VICENTE DE COVELAS, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/04 tramitado a instancia de dona María Josefa Luaces Rodríguez, para vivenda unifamiliar illada de plantas baixa e baixo-cuberta en A Rúa- San Vicente de Covelas (Ribadeo), construída ao abeiro da licenza de

obras concedida pola Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2006, expediente número 2006/76.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de abril de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado nas condicións fixadas anteriormente.

## **1.2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON ANTONIO EMILIO LÓPEZ PIÑEIRUA PARA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA DE PLANTAS BAIXA E BAIXO-CUBERTA EN O ESPIN, 11, VILASELÁN, RIBADEO.**

Expediente nº 2010/05 tramitado a instancia de don Antonio Emilio López Piñeirúa para licenza de primeira ocupación de construción de vivenda unifamiliar illada realizada en O Espín, 11-Vilaselán, segundo licenza municipal de obras concedida pola Xunta de Goberno Local con data 15 de xuño de 1998, expediente 98/57.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 8 de marzo de 2010.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

O Pleno municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en

consecuencia licenza de primeira ocupación para o inmovible indicado nas condicións fixadas anteriormente.

### **2010/04/22- ALEGACIÓNS AO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL (POL).**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de data 6 de maio de 2010 que se transcribe de seguido:

#### **“-ALEGACIÓNS AO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL.-**

“Pola Alcaldía-Presidencia dase conta de que a efectos de garantir a entrada dentro de prazo das alegacións que se formularon , o día 3 , luns, presentou un primeiro escrito de alegacións cos criterios manifestados na Comisión Informativa do Plan deixando xa a posibilidade de ampliación co acordo que se adoptase polo Pleno municipal, extremo que igualmente foi comunicado á Xunta de Galicia polo referido escrito.

Asimesmo pola Alcaldía se explica que por parte de Secretaría e do Arquitecto municipal se elaborou unha proposta de alegacións para a súa consideración polo Pleno municipal, de conformidade igualmente, cos criterios manifestados na Comisión do Plan Xeral.

Por parte do Sr.Moreda Gil, arquitecto municipal, se explica que se incorporaron as cuestións que se formularon polos Sres.Concelleiros na Comisión Informativa do Plan.

Iguualmente explícase por parte de Secretaría e do Arquitecto Municipal os elementos e os aspectos que constitúen a alegación, deliberándose sobre os mesmos, e especificamente polo Sr.Rivas Alvarez se suscita a cuestión das alegacións que van sendo aceptadas nas Comisións Informativas e que poden afectar á alegación, explicándose o xeito en que se plantexan nas alegacións, ao non tratarse de cuestións sobre as que exista aínda un acordo resolutorio, facéndose referencia ao apartado 8º da alegación.

A Comisión, por unanimidade dos seus membros acorda ditaminar favorablemente:

1º. A formulación como alegación do Concello da proposta formulada polos Servicios municipais, elevándoa a acordo Corporativo.

2º Facultar á Alcaldía-Presidencia, tan amplamente como sexa preciso en dereito, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Por parte do Sr.Alcalde se pregunta no Pleno aos Sres.Concelleiros se hai unanimidade sobre esta cuestión, manifestándose o criterio favorable de todos eles por asentamento.

De sguuido polo Pleno municipal, por unanimidade, en votación ordinaria acórdase:

1º. A formulación como alegación do Concello da proposta formulada polos Servicios municipais, elevándoa a acordo Corporativo.

2º Facultar á Alcaldía-Presidencia, tan ampliamente como sexa preciso en dereito, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fín dos acordos adoptados.

### **2010/05/23-APROBACIÓN DE BASES DE AXUDAS DA AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI) DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADEO E DA ARI DE RINLO-PLAN DE VIVENDA 2009-2012, PARA O EJERCICIO DE 2010.**

Dase conta do ditame da Comision Informativa de Asuntos e Servicios Xerais de 6 de maio de 2010, que se transcribe de seguido:

“Dase conto do asunto epigrafiado explicándose os cambios normativos por parte do Arquitecto da Oficina de Rehabilitación Integral (ARI) do Casco Histórico de Ribadeo, dase conta igualmente de cómo para esta convocatoria se teñen previstas estas circunstancias e da urxencia de efectuar a mesma a tenor das necesidades existentes, facendo relación ás contías máximas e mínimas de subvencións.

Pregúntase polo Sr.López Pérez do Grupo Municipal Socialista sobre diversos extremos que son contestados polo Sr.Longarela Sanfiz.

O Sr.López Pérez dí que se van reservar pero posteriormente manifesta o seu criterio favorable ditaminándose por unanimidade para a súa aprobación polo Pleno Municipal.

Por Secretaría se sinala que xa lle ten manifestado ao Sr.Alcalde que considera que debe no futuro redactarse unha Ordenanza aínda que da mesma se deriven posteriormente convocatorias como están a efectuar outros concellos da provincia que dispoñen de ARI, como é o caso de Ribadeo e Vilalba.

Polo Sr.Longarela Sanfiz, se explica que este ano non daba tempo material a aprobala e que a Xunta lles obriga a que antes de Outubro teñan tramitado-los expedientes, e que non daría tempo a face-los proxectos e ademáis se dan certas circunstancias persoais en quen ten que resolver en Lugo os expedientes cunha baixa que aconsella a súa tramitación inmediata, e explícase que polo tanto o que se prevé para o ano que ven é aprobar unha Ordenanza e logo facer convocatoria, cumprindo deste xeito tamén coa Lei de subvencións.

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda, polo tanto, ditaminar



favorablemente as Bases de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

A Corporación, por unanimidade, en votación ordinaria acorda:

1º. A aprobación das bases de axudas da Area de Rehabilitación Integral (ARI do Casco Histórico de Ribadeo e da ARI de Rinlo-Plan de Vivenda 2009-2012, para o exercicio de 2010), conforme á proposta da Oficina de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Ribadeo.

2º. A publicación da aprobación referida no BOP de Lugo, aos efectos legalmente procedentes.

3º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

### **2010/06/24.-CONVENIO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN COMERCIAL ENTRE O CONCELLO DE RIBADEO E SEPES.-**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servicios Xerais de 6 de maio de 2010 que se transcribe de seguido:

“Por parte do Sr.Alcalde explícase á Comisión o contido básico do Convenio referido, deliberándose sobre o particular, manifestándose que falta a constitución dunha Entidade urbanística de colaboración que ten que levarse a cabo para o mantemento do parque empresarial.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se pregunta respecto ao que pode recibir o Concello como consecuencia da xestión e por Secretaría se explica o disposto no Convenio ao respecto.

O Sr.Rivas Alvarez se refire á asunción de competencias sen financiación , explicándose por Secretaría que se trata de dúas fases, nha a de comercialización e outra posterior a de xestión a través dunha Entidade urbanística colaboradora na que participa o Concello, e que é algo previsto no Regulamento de Xestión urbanística.

O Sr.López Pérez, manifesta que será como unha 2ª parte do Convenio e o Sr.Alcalde manifesta que a constitución da entidade de colaboración foi recomendado por SEPES e que o está a facer nos novos polígonos, e que senon se plantexan moitos problemas de xestión posteriores.

De seguido plantexada a votación do ditame obtén os votos favorables do BNG (dous), PP (dous) e PSE (dous) e unha abstención do representante do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que se reserva para o Pleno, acordándose propoñer ao Pleno municipal como ditame, a adopción dos acordos seguintes:

1º. A aprobación do Convenio de colaboración na xestión comercial entre o Excmo. Concello de Ribadeo e SEPES entidade pública empresarial do Solo para a actuación urbanística denominada Ribadeo, de conformidade coa proposta de SEPES e nos propios termos da mesma.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adopados.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que considera que hai unha cuestión fundamental que se plantexa no feito de que as Administracións de índole superior, transfiren competencias de vixilancia, mantemento, etc. co que están endebedando aos Concellos e non ve que sexa unha forma de recibir competencias sen consignación e van seguir mantendo o seu Grupo a posición de abstención que mantiveron na Comisión Informativa e aínda que están de acordo con que se comercialicen as parcelas.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que manifesta que discrepan diso que menciona o Sr. Rivas Alvarez das competencias falando deste Convenio e que vai haber un ingreso pero dan unha alternativa en vez de que haxa unha OPI, e que se aproveite para estas funcións a existencia da AEDL e simplemente como hai dúas alternativas non se faga outra cousa, e que se opte por iso, e que mais alá da cuestión do 3 % o mellor será que se empregue o Técnico Local de Emprego para esta función xa que senon irá unha cousa por outra.

Intervén a continuación o Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista que manifesta que quere destacar algo do que xa se falou na Comisión e é que están de acordo con que se faga unha Entidade urbanística de colaboración e conservación do polígono e que isto vai ser fundamental para o mantemento e lles congratula que isto se recolla.

De seguido intervén o Sr. Alcalde que manifesta que se llo permite o portavoz de UPRI cre que se equivoca de convenio e que non están a falar nada diso, e que están falando dun Convenio de xestión comercial, Concello-SEPES e que é un Convenio no que polo traballo que están a facer lles van a pagar un diñeiro e se enriba lles teñen que chamar de todo aos de SEPES ...

Prosegue manifestando o Sr. Alcalde que non teñen intención de crear a OPI e que neste momento xa a Técnica de Emprego está asesorando e o seguirá facendo e que se se chega a materializar estas operacións, un 3 % será para o Concello, e que están tratando dun Convenio de xestión comercial e non doutra cousa, e se houbera algún problema serían os primeiros en advertilo ou indicalo, que non é de xestión urbanística nin doutra cousa.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte fai referencia á clausula 2ª do Convenio en que se fai mención a determinadas obrigas e manifesta que iso é ao que se acaba de referir, sinalándose polo Sr.Alcalde que iso a que se refire esa cláusula será despois coa Entidade urbanística de conservación.

Tras deliberación,previo ditame favorable da Comisión Informativa de 6 de maio de 2010 , polo Pleno Municipal, por 11 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG,PP e PSOE) e coa abstención dos dous membros de UPRI, acordase:

1º. A aprobación do Convenio de colaboración na xestión comercial entre o Excmo.Concello de Ribadeo e SEPES entidade pública empresarial do Solo para a actuación urbanística denominada Ribadeo, de conformidade coa proposta de SEPES e nos propios termos da mesma.

2º.Facultar á Alcaldía-Presidencia, tan amplamente en dereito como sexa preciso, para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

### **2010/07/25.-RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO HOSPITAL ASILO MUNICIPAL DE SAN SEBASTIÁN E SAN LÁZARO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servicios Xerais de 6 de maio de 2010 que se transcribe de seguido:

“Por Secretaría se explica que a Comisión ten que ditaminar se se estiman ou non as alegacións formuladas do xeito que proceda ou non e propoñer o acordo definitivo que se vaia adoptar polo Pleno.

O Sr.López Pérez, manifesta que o Grupo Municipal Socialista o ten claro e vai votar contra as alegacións formuladas, facendo referencia a o informe de Secretaría, e que reservan o seu voto para o Pleno pero que xa anuncia o sentido do mesmo, e que so partidarios de que se manteña tal e como foi proposta polo Sr.Duarte Díaz (q. e.p.d).

Por Secretaría se manifesta, á vista do sinalado polo Sr.López Pérez que se proceden a abster e o ditame sería favorable a estimar as alegacións para o Pleno, se obtén mais votos favorable que negativos e o que se votaría no Pleno sería o ditame.

Inicialmente o Sr.López Pérez nega o manifestado por Secretaría e a Sra.Sanjurjo Santar do Grupo Municipal Popular manifesta que van votar en contra das alegacións no ditame da Comisión Informativa.

Por Secretaría se sinala que cada un vote o que queira pero que teñan en conta as circunstancias do funcionamento dos ditames das Comisións Informativas.

O Sr. López Pérez dí que non coñecen ao dedíño a normativa de réxime local e o Sr.Alcalde ironiza dicindo que non se queren achegar a él, e o Sr.López Pérez replica que queren manter o acordo inicial tal como se adoptou.

O Sr.Rivas Alvarez dí que xa se abstiveron inicialmente e que neste caso o informe técnico-xurídico é contrario ás alegacións, manifestándose por Secretaría que non é exactamente así, e o Sr.Alcalde lle dí que esa é unha interpretación do Sr.Rivas Alvarezque insiste no manifestado.

Por Secretaría se pregunta sobre os votos a favor das alegacións e o Sr.Alcalde manifesta que o seu Grupo vota a favor unicamente da súa propia alegación.

De seguido pola Comisión Informativa ditamínase en contra das alegacións formuladas do seguinte xeito:

Alegación do Grupo Municipal do BNG, obtén dous votos a favor (dos membros do Grupo B NG) 4 en contra (dos membros dos Grupos municipais do PP e do PSOE) e unha abstención do Sr.Rivas Alvarez, de UPRI.

Alegación da Asociación veciñal “O Tesón”, non obtén ningún voto a favor, seis votos en contra (dos membros dos Grupos municipais do PP, PSOE e BNG) e unha abstención do Sr.Rivas Alvarez, de UPRI.

A Comisión, polo tanto, ditamina por maioría nos termos sinalados a desestimación polo Pleno municipal na súa integridade das alegacións formuladas e propoñendo, en consecuencia, a aprobación definitiva da modificación do Regulamento no xeito en que foi aprobado inicialmente na sesión de 18 de xaneiro de 2010.”

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que xa fixo constar o sentido do seu voto na Comisión e que vai se-lo mesmo.

O Sr.López Pérez do Grupo Municipal Socialista pola súa parte di que quedou clara a postura do seu Grupo no ditame da Comisión de que se manteña o acordo de 18 de xaneiro e de idéntico xeito se manifesta o portavoz do Grupo Municipal Popular.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que lle toca xustificar agora o seu voto e que xa en aquel Pleno manifestara a pesar de que o propoñente era unha persoa razoable que dicía que estaban de acordo co fondo pero non coa forma e que era un pouco precipitado metelo por urxencia e que había que matizar estando de acordo co fondo que a forma non debía ser esa que presentaron unha alegación que agora foi desestimada e que van aceptar o criterio da maioría, e vanse abster e non van votar en contra,que non quere polemizar agora pero lles parecía que a modificación podería dar lugar a agravios de non pedir un número de anos por moi ribadenses que foran e estiveran por outros

extremos do mundo, cercanos ou lonxanos, pero así o quixo a maioría e vanse abster.

Polo Pleno Municipal por 7 votos a favor dos membros dos grupos municipais do Partido Popular e do PS de G-PSOE e seis abstencións, dos membros dos grupos municipais do BNG e UPRI, vistas as alegacións formuladas ao acordo de aprobación inicial e visto informe de Secretaría, acordase:

1º.- A desestimación na súa integridade das alegacións formuladas ao acordo de aprobación inicial de 18 de xaneiro de 2010, mantendo o aprobado.

2º.- A aprobación definitiva da modificación do Regulamento no xeito en que foi aprobado inicialmente, e asúa publicación no BOP de Lugo.

**2010/08/26- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE MELLORA DOS TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO CUXA TITULARIDADE FOI TRANSFERIDA AO CONCELLO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de 6 de maio de 2010 que se transcribe de seguido:

“O Sr.Alcalde se refire a unha proposta da Mesa de contratación baseada nos informes dos técnicos municipais que se atopan presentes na sesión para respostar ás preguntas que se formulen.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, en primeiro lugar que pregunta se as empresas se ofreceron a realizar todas melloras que se prevían, contestándose polo Sr.Moreda Gil, arquitecto municipal, que non e que ningunha delas ofreceu realizar o paso soterrado.

O Arquitecto Municipal ofrece a explicar como chegaron a esa valoración e o Sr.Lopez Perez pregunta respecto a se coincide a mesma empresa cuxa adxudicación se propon agora coa anterior, contestando que sí o Sr.Moreda Gil.

De seguido procede a explicar a valoración, facilitando para a súa incorporación á acta desta Comisión un documento asinado polos técnicos intervintes na valoración que se achega á acta da sesión, facéndose referencia a diversas cuestións das ofertas plantexadas e respostando ás preguntas formuladas polos Sres.Concelleiros presentes na sesión respecto a diversas obras.

Polo Sr.López Pérez, se fai mención dentro da deliberación a que pode que a empresa AQUAGEST estea a percibir agora por aquilo que tería que facer como concesionario dos servizos de auga e sumidoiros e que o pregunta, deliberándose sobre o particular e sobre as características da oferta formulada. A Sra.Interventora manifesta que se se trata de obras de ampliación correspondería ao Concello.

Deliberase sobre o particular respecto a esta obra e outras que se teñen producido, e o Sr.López Pérez dí que aparecen como melloras obras que son obrigas da empresa concesionaria, deliberando o Sr.Concelleiro cos técnicos intervintes , que sinalan que case 400.000 euros son de obras desta natureza.

Os membros dos Grupos municipais do PSOE, PP e UPRI manifestan que se reservan para o Pleno.

A Comisión, por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e cinco abstencións (dos Concelleiros dos Grupos PP, PSG-PSOE e UPRI), que se reservan para o Pleno, acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal:

1º. A adxudicación conforme á proposta da Mesa de contratación de data 4 de maio de 2010 á empresa AQUAGEST S.A. da licitación convocada de Mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado cuxa titularidade foi transferida ao Concello, na contía de 1.025.000,00 euros IVE incluído e coas restantes determinacións contidas na súa oferta, elevando o contido da proposta formulada pola mesma a acordo corporativo, na súa integridade.

2º Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iníciase deliberación na que intervéen en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que partindo da base da importancia da obra para Ribadeo , e que sacouse primeiro a concurso, despois cambiouse a calificación das empresas para que poidesen vir empresas da zona , deixouse deserta, pare ser e volveuse sacar un novo concurso , e traese agora a adxudicación , e despois de ver a acta da Mesa de contratación ,- e procede o Sr.Concelleiro a leer unha parte da acta mesa-da que resulta a abstención do secretario e da interventora , polas dúbidas que manifestan, sendo o resultado da mesa un voto a favor da Alcaldía , como proposta a adxudicación á empresa AQUAGEST .Dí o Sr.Concelleiro que lles chama a atención todo este proceso, e que non dubida dos técnicos e da súa xestión pero que lles parece que cambiar as bases para que poideran vir empresas da zona e non viñera ningunha tamén chama a atención.

Prosegue manifestando que entende que é unha obra complicada e complexa pero e unha obra importante para os ribadenses e que vai cambiar a faciana desa travesía e non van votar en contra pero vanse abster.

Intervén a continuación o Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista que manifesta que a historia desta adxudicación que chega ao seu remate , cre que ven un pouco viciado, que as Bases da licitación e a clasificación xa se modificaron en dúas ocasións antes de chegar á adxudicación, e lle chama poderosísimamente a atención que a empresa adxudicataria para unha obra desta envergadura, civil cun presuposto de mais dun 1.000.000 de euros se lle vaia adxudicar a unha empresa , AQUAGEST e si entran na páxina que ten

esta empresa em internet, manifesta que a actividade fundamental desta empresa é gestionar o ciclo integral da auga en municipios e colectividade, e entre as súas funcións non fala de obra civil, cando é unha das partes importantes desta obra, e lle sorprende respecto as empresas que se presentaron a este concurso, que algunha destas empresas esté rexeitada, empresas da solvencia de ALVAC, que traballa para o Ministerio de Fomento e outros M<sup>os</sup>., e que é especialista en obras civís, e que coincide que para facer esta obra no Concello de Ribadeo non cubra as expectativas, tamen outra como COPCISA, unha das grandes empresas do país en obra civil, e que está a construír unha das plataformas do tren AVE, e resulta que tampouco vale para facer as obras no Concello, e seguindo con CEIMSA que ten un longo historial de obras civís, etc. que queda excluída na fase final de adxudicación das obras e chama a atención que se lle vai adxudicar á AQUAGEST, que apostaría que vai ter que subcontratar o que lle permite a lei 50 % da obra, non sabe con que medios vai afrontar todo este tipo de obra civil, e vai ter que subcontratala, e a ninguén se lles escapa que empresa vai facer esa subcontrata da obra e que todo eso lles chama un pouco a atención.

Prosegue o Sr. López Pérez sinalando que deixa aparte o traballo dos técnicos, pero lles facilitaron unha serie de cousas que cando menos as valoracións non están claras, e calquera persoa que revise como se puntuou para adxudicar a AQUAGEST e saiba un pouco de matemáticas lle sae outra valoración.

O Sr. López Pérez fai mención á mellora da rotonda significando que AQUAGEST se valora para a rotonda que presenta proxecto técnico completo etc., e lle dan 50 puntos, e a outra que ven detrás lles dan 40, manifestando a súa discrepancia coa valoración compara as puntuacións e que considera que debía desglosarse, explicando que debía dicirse que por presenta-lo proxecto técnico un número de puntos, por ser acorde cos planos tantos puntos, por prezo tantos, etc, e non dicir 50, 30, 40, e que sen restarlle nada a empresa que propoñen como adxudicataria con 74,73 puntos, pero si aplica outras puntuacións, reitera que sin restarlle nada a AQUAGEST, si modifica catro dos apartados dos doce, e resultaría que a UTE Hidroscivil tería 74,92 fronte a AQUAGEST e choca un pouco.

Prosegue sinalando que considera que non se fixo correctamente, e que se lle "fixo o traxe" á empresa, contra a que non ten nada, pero deben velar porque son obras interesantes para o Concello e pide que se fagan ben e dada a envergadura das empresas presentadas e que son como mínimo tan competentes como esta á que se vai adxudicar, e teñen acreditación en obras civís e por outro lado xa na Comisión informativa trouxo o tema das responsabilidades desta empresa respecto das melloras, non vaia ser que se valoren as melloras de abastecemento e saneamento que o millor non había que dar e dandolles unha puntuación e non vaia ser que xa estivera obrigada a empresa polo contrato co Concello a realizar algunha destas melloras e se pode estar entrando nunha prevaricación ao mellor ao adxudicarlle a esta empresa o contrato e considera que debía quedar sobre a mesa e que os servizos xurídicos municipais ou quen corresponda estudiase estas medidas

que se poden tomar, porque se permitiu buscar no “baul dos recordos”, e atopou o contrato de 27 de febreiro de 1998, procedendo o Sr. Concelleiro a ler o que dí o mesmo sobre as obras de abastecemento e saneamento e a obriga do concesionario de participar no financiamento das obras, de xeito total ou parcial. Prosegue o Sr. Concelleiro manifestando que debería mirarse con detenemento, e fai referencia tamén a oferta de AQUAGEST, e que pode haber unha serie de obrigas que a empresa estará obrigada a facer e se lle están valorando, e se está incrementando a súa puntuación por algo que lle corresponde e pagarlle por algo que tiña que estar facendo, e que pola súa parte non é un técnico nin un xurídico, pero considera que se lle fixo un traxe a empresa, e debe quedar o asunto sobre a mesa e non ian votar en contra, pero que pensan que o asunto é de tal envergadura e que os servizos xurídicos repasaran este tipo de cuestións porque pode ser interesante para o Concello.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, manifesta que cando na Mesa de adxudicación os dous técnicos xurídicos plantexan moitas dúbidas e recibidas as explicacións se absteñen, non tranquiliza porque quere dicir que ao final seguen tendoas, e se se resolveran en sentido positivo apoiarían o resultado, e non o apoian; que considera o seu Grupo que a obra é importante, como os demais, e non se pode retrasar indefinidamente, porque leva un retraso moi importante, e provocan un traballo extra para o equipo de goberno e os servizos xurídicos, pero piden non so que quede sobre a mesa, e o estudien cos técnicos e xurídicos, senon que todo o que eiquí hai se lles deixe estudar con calma, e se lles facilite reunións cos técnicos e co arquitecto, e que non lles caiba dúbida, seguro que está ben puntuado e “vai a misa”, pero se na mesa hai dúas abstencións, mellor que non existan, e propoñen polo tanto que se dea un prazo de quince días para estudialo e que se aclaren as dúbidas por parte dos técnicos de que se trate, e non se vai dilatar excesivamente, e estarían todos moito mais tranquilos, co resultado final, e que si non o que vai suceder e que, se non, vai votar a favor o Grupo de goberno e os demais vanse abster e non lles convence iso, porque absterse e como deixar que se faga, e para iso votan a favor, e que coinciden na proposta e consideran que con 15 días serían dabondo.

Intervén de novo o Sr. Rivas Álvarez, do Grupo Municipal de UPRI, manifesta o seu acordo coa proposta e que quede sobre a mesa e que se faga unha reunión cos técnicos igualmente.

Intervén o Sr. Alcalde que manifesta que non teñen ningún problema en absoluto, facendo lembranza dos meses que van transcorrendo, dende que se asinou o convenio co Ministerio de Fomento e fai referencia a que a clasificación inicial se modificou por un informe técnico do arquitecto municipal que advertía dunhos erros de cara a pedir unha determinada clasificación, e eses criterios foron refrendados polo Pleno, por maioría absoluta, que non recorda de quen, e que volveuse a sacar a licitación, pero como se fixo esa modificación, no mes de agosto, e houbo que abrir un novo prazo, publicacións,



etc., polos prazos que transcurriran se viu que non daba tempo tempo e que non era posible e que non se podía certificar a cantidade da primeira anualidade, antes do 1 de decembro de 2009 , e optouse por deixala sen efecto, aproveitando unha serie de cuestións que os técnicos consideraron que se debían meter.

Por parte do Sr.Alcalde se procede a explicar toda a operativa dende comezos deste ano, sen que intentaran mais que axilizar os prazos , e que era millor que estas obras as licitaran outras administracións, e se olvidarían de moitos problemas, e a cuestión que dí o Grupo Socialista e que de que lle chama a atención ao PSOE se esta empresa pode ou non pode , o unico é que se fía dos informes dos tres técnicos,dous arquitectos superiores e un técnico,é un informe unánime e contundente, e que explicaron os informes ao Alcalde e na Comisión e explicaron todo o que se lles quixo preguntar , e viñeron a elas sen ánimo de ocultar ou esquivar as cuestións e se esa empresa que se propon como adxudicataria resulta que fai cousas que non lle corresponden non o sabe, pero no goberno anterior, antes de ser Alcalde se fixeron varias obras coa empresa AQUAGEST e non sabe se ten que ver, ou non, supon que non ten nada que ver, e so se fixan na proposta técnica, e que pode haber suspicacias, e que se quere , non hai ningún problema de que quede sobre a mesa e que pode ser que o digan porque sí , porque teñen certo medo , igual poden dicir para que esto non se faga en prazo, porque o 1 de decembro hai que ter certificado o 70% , e si hai que facer as cousas faranse , e se o pleno non o quere non se van poñer tolos, pero sería moi grave , e pide aos Sres.Concelleiros que a partir de maña se xunten os técnicos cos Concelleiros e poderan falar entre todos e canto antes se leve novamente esta proposta para adxudicala.

Intervén o Concelleiro Sr.López Pérez, que manifesta que desprendese das palabras do Alcalde que o asunto vai quedar sobre a mesa, e aparte do que dixo o portavoz do PP lles gustaría que sobre o tema xurídico se informase , de responsabilidades da empresa AQUAGEST , do prego de condicións que ten asinado co Concello, que se informase das melloras que ten presentado sobre o saneamento e se hai lugar á valoración ou non, e que se informe polos servicios xurídicos municipais ou externos, e do mesmo xeito, que os técnicos municipais expliquen mais polo miúdo a súa valoración , que ao mellor con dous apuntes lles chega, e que é pensar mal sinalar que pretenden o retraso das obras, que a intención non é esa ,pode estar seguro e xa lle dixo ao Alcalde que non ían a votar en contra das obras que queren que se fagan.

Toda vez que o Sr.Rodríguez Andina fai referencia ao prazo de xustificación, o Sr.Alcalde contesta que estase en maio e se refire aos prazos ata a formalización, casi dous meses mais e logo facer o 70%, e manifesta que se pode ver o que pasa coa contratación por parte do Ministerio, da obra da Vilavella, que leva un ano para adxudicar unha obra.Prosegue a deliberación sobre a obra da Vilavella entre o Sr.Alcalde e varios Concelleiros.

O Pleno Municipal por unanimidade acorda deixar este asunto sobre a mesa para mellor estudio.

**2010/09/27.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E PERMUTA DE CAMIÑO EN A PONTE-ARANTE.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía, cuxo contido se transcribe literalmente: Pola Alcaldía-Presidencia á vista da solicitude formulada por parte de don José González Dopico e outros veciños de Arante, en relación a problemática existente coa estreitez do actual acceso ao Campo da festa e a posibilidade de permuta do vello trazado por un novo a realizar na parcela de titularidade de don Alvaro Río Ginzo.

Visto que, por acordo plenario de data 27 de abril de 2009 acordouse inicia-la tramitación dos expedientes de desafectación do camiño de acceso ao Campo da Festa na lonxitude que figura nos informes técnicos e que se iniciase condicionado o resultado da desafectación precedente ao expediente de permuta coa superficie ofrecida por don Alvaro Río Ginzo.

Visto que se ten emitido informe pola Secretaría da Corporación sobre o procedemento correspondente e vistos os informes do Servizo Técnico municipal sobre o asunto, e o plano elaborado coas respectivas superficies de camiño público e de superficie a permutar.

Visto que con data 21 de maio de 2009 efectuouse mediante anuncio no BOP num. 114 o edicto de exposición pública, por prazo dun mes, sen que se teñan formuladas reclamacións fronte ao mesmo.

Visto que con data 29 de abril de 2010, en relación a petición efectuada polo Concello de informe diante da Delegación Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de Lugo, de permuta de terreos para habilitación de camiño de acceso se informa favorablemente o expediente, segundo certificación enviada por telefax da Secretaria da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Lugo.

Considerando, que a titularidade e uso público do camiño, aínda que non figura nos planos catastrais, aparece acreditada pola petición dos veciños e existe unha pública, notoria e pacífica posesión do mesmo, sendo utilizado entre outros usos como camiño de acceso ao campo da Festa.

Considerando, que igualmente a desafectación e permuta pretendida respontan a o interese xeral de obter un mellor acceso para o referido campo da festa permitindo que os vehículos das orquestras e outras atraccións, no seu caso, poidan acceder ao referido campo da festa en condicións de comodidade, unha vez efecutadas as obras precisas para o novo acceso cuxo

trazado básico foi informado favorablemente pola referida Comisión de Patrimonio.

PROPOÑO ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes, previo o ditame correspondente da Comisión Informativa:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a alteración da calificación xurídica [desafectación] do ben inmueble “camiño de acceso ao campo da festa en A Ponte (Arante)” na lonxitude que figura nos informes técnicos, cunha superficie de 89, 93 m2., segundo a documentación técnica, aos efectos dunha permuta co propietario colindante D.Alvaro Río Ginzo, convertíndose o ben inmueble de dominio público nun ben inmueble de carácter patrimonial para proceder á permuta co referido veciño, do xeito legalmente procedente.

**SEGUNDO.-** Anotación no Inventario de Bens do Concello e notificación ao rexistro da propiedade.

**TERCEIRO.-** Levar a cabo a permuta coa superficie ofrecida por D. Alvaro Río Ginzo correspondente á suma de 126,08 m2. e 31,73 m2., totalizando polo tanto unha superficie de 157,81 m2. a que se ten feito referencia, condicionada como cláusula de eficacia suspensiva a aprobación dun proxecto técnico coa financiación garantida para a execución do novo acceso público.

Formalizada dita permuta deberá procederse a afectación desa finca permutada que pasa a propiedade municipal, coas características de ben de dominio público, como ben desta cualidade, e como novo trazado do camiño, manténdose para o mesmo o uso xeral que se viña producindo.

Coa permuta garantírase o acceso público xeral aos espazos públicos que se viñan usando, así como manteranse as situacións privadas de servidume de acceso a espazos públicos que poideran preexistir, no seu caso.

**CUARTO.-** Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Deliberase sobre o particular e sobre a execución e financiación das obras precisas así como sobre a problemática da execución do novo acceso , respecto ao que o Arquitecto municipal sinala que é unha obra complicada.

O Sr.López Pérez, reitera unha pregunta sobre o financiamento dese novo acceso, mencionándose diversas posibilidades.

O Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista manifesta que o seu Grupo se reserva para o Pleno.

De seguido a Comisión, por cinco votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BN, PP e UPRI) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal Socialista), acorda como ditame desta Comisión, propoñer ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a alteración da calificación xurídica [desafectación] do ben inmueble “camiño de acceso ao campo da festa en A Ponte (Arante)” na lonxitude que figura nos informes técnicos, cunha superficie de 89, 93 m2., segundo a documentación técnica, aos efectos dunha permuta co propietario colindante D. Alvaro Río Ginzo, convirtíndose o ben inmueble de dominio público nun ben inmueble de carácter patrimonial para proceder á permuta co referido veciño, do xeito legalmente procedente.

**SEGUNDO.-** Anotación no Inventario de Bens do Concello e notificación ao rexistro da propiedade.

**TERCEIRO.-** Levar a cabo a permuta coa superficie ofrecida por D. Alvaro Río Ginzo correspondente á suma de 126,08 m2. e 31,73 m2., totalizando polo tanto unha superficie de 157,81 m2. a que se ten feito referencia, condicionada como cláusula de eficacia suspensiva a aprobación dun proxecto técnico coa financiación garantida para a execución do novo acceso público.

Formalizada dita permuta deberá procederse a afectación desa finca permutada que pasa a propiedade municipal, coas características de ben de dominio público, como ben desta cualidade, e como novo trazado do camiño, manténdose para o mesmo o uso xeral que se viña producindo.

Coa permuta garantírase o acceso público xeral aos espazos públicos que se viñan usando, así como manteranse as situacións privadas de servidume de acceso a espazos públicos que poideran preexistir, no seu caso.

**CUARTO.-** Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que o seu Grupo vai votar a favor do ditame da Comisión e o Grupo Municipal Socialista igualmente manifesta o mesmo criterio favorable.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular manifesta a súa satisfacción polo acordo que vai adoptarse polo que veñen insistindo de xeito reiterado, para tratar de axilizar e manifesta a satisfacción e agradecemento tanto ao equipo de goberno como aos servizos xurídicos porque foron absolutamente atendidos e deu lugar a que se poidera tramitar con suma axilidade os pasos previos a un acordo coma o de hoxe.

O Sr. Alcalde pola súa parte manifesta que é un tema que é complexo, que leva ano e pico e que a redacción final ten unha cláusula de eficacia suspensiva para que non se entregue algo que non se poida utilizar e agora ven o tempo de conseguir a financiación que pode ser de diferentes vías. municipal, veciñal, de outras administracións e por eles que non quede, e leva tempo, e a ver si de esta vai.

De seguido polo Pleno, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a alteración da calificación xurídica [desafectación] do ben inmueble “camiño de acceso ao campo da festa en A Ponte (Arante)” na lonxitude que figura nos informes técnicos, cunha superficie de 89, 93 m2., segundo a documentación técnica, aos efectos dunha permuta co propietario colindante D. Alvaro Río Ginzo, convirtíndose o ben inmueble de dominio público nun ben inmovible de carácter patrimonial para proceder á permuta co referido veciño, do xeito legalmente procedente.

**SEGUNDO.-** Anotación no Inventario de Bens do Concello e notificación ao rexistro da propiedade.

**TERCEIRO.-** Levar a cabo a permuta coa superficie ofrecida por D. Alvaro Río Ginzo correspondente á suma de 126,08 m2. e 31,73 m2., totalizando polo tanto unha superficie de 157,81 m2. a que se ten feito referencia, condicionada como cláusula de eficacia suspensiva a aprobación dun proxecto técnico coa financiación garantida para a execución do novo acceso público.

Formalizada dita permuta deberá procederse a afectación desa finca permutada que pasa a propiedade municipal, coas características de ben de dominio público, como ben desta cualidade, e como novo trazado do camiño, manténdose para o mesmo o uso xeral que se viña producindo.

Coa permuta garantírase o acceso público xeral aos espazos públicos que se viñan usando, así como manteranse as situacións privadas de servidume de acceso a espazos públicos que poideran preexistir, no seu caso.

**CUARTO.-** Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.”

### **2010/10/28.-MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA MUNICIPAL SOBRE O PLAN DE TRANSICIÓN Á TDT.**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Socialista que se transcribe de seguido, que é sintetizada polo Sr. Perez Vacas, do referido Grupo :

“D. BALBINO E. PEREZ VACAS portavoz do Grupo Provincial Socialista ,ó abeiro da Lexislación vixente , presenta para o seu debate e aprobación , se procede, polo Pleno da Corporación Municipal na vindeira sesión ordinaria que celebre a seguinte

Ribadeo, a 23 de marzo de 2010 MOCIÓN RELATIVA AO PLAN DE TRANSICIÓN A TDT

Que se fundamenta nesta

## EXPOSICION DE MOTIVOS

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio , e a Comunidade Autónoma de Galicia, asinaron en decembro de 2008, un convenio marco de colaboración para a execución do Plan Nacional de transición á TDT.

Posteriormente, máis en concreto, en agosto do ano 2009, acórdase entre as administracións citadas, a incorporación dunha adenda ao citado convenio marco.

Os obxectivos destes documentos consisten en concretar un compromiso entre as administracións concordantes, planificando os pasos a dar para a extensión da TDT a todo o territorio da Comunidade Autónoma , así como o financiamento necesario a aportar entre as administracións asignantes.

O convenio non contempla o concurso doutras administracións públicas , neste caso a administración local, no financiamento do Plan de Transición a TDT

Tendo en conta todo o previsto nos citados acordos, sorprende a intencionalidade da Xunta de Galicia , de implicar aos Concellos no financiamento de determinadas operacións de desenvolvemento do Plan, especialmente o que atinxe ao mantemento futuro dos equipos e gastos de operación, é dicir, de limpeza e electricidade. De ser así, os Concellos, especialmente os de menos recursos, terían que asumir uns custos para os que non dispoñen de recursos.

Por outra parte estamos constatando que a Xunta de Galicia tampouco está facendo o seu traballo, xa que na maioría de concellos, a poucos días do apagón analóxico, non están instalados os equipos , programas e sistemas electrónicos , informáticos o de telecomunicacións correspondentes ao asinado no Convenio Marco co MITYC

Por todo o exposto propoñemos ao Pleno do Concello de Ribadeo, a adopción do seguinte

### ACORDO

1.- O concello de Ribadeo insta á xunta de Galicia para que en cumprimento dos acordos asinados no seu día co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, financie todas as operacións necesarias para o desenvolvemento do Plan de Transición á TDT.

2.- O Concello de Ribadeo insta á Xunta de Galicia para que no prazo establecido e antes do apagón analóxico , instale os equipos, programas e sistemas electrónicos, informáticos e de telecomunicacións correspondentes ao asinado no Convenio Marco co MYTC.”

Iníciase deliberación tras de que polo Sr.Pérez Vacas se manifeste que se trata de executar debidamente a transición referida, e de que se execute ese convenio.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez, de UPRI, que dí que estando de acordo co fondo que é adecuado considera que é un pouco extemporánea e que se presentou antes do apagón, pero estase en maio , e o que se debería instar é que se solucione os actuais problemas de recepción da TDT que manifesta o Sr.Concelleiro no uso da palabra que tamen padece.Considera que se debería engadir que se solucionen os problemas de recepción de certas cadeas como é o caso da galega

O Sr.Pérez Vacas replica que se trata de dúas cousas distintas,que tendo que ver non teñen que ver , e que para estas cuestións non é tarde , pero é unha xestión distinta a que se refire o Sr.Rivas Alvarez, de instalación de microemisores sen necesidade dunha moción , pero que se é para que se desenvolva o convenio nunca é tarde e que se pode facer outro tipo de xestión para millorar esa recepción a que se refire o Sr.Rivas Alvarez que se pode facer dende a Alcaldía, instando á colocación dalgun microrremisor unha vez se constate a súa necesidade e respecto a que zonas non chega a sinal.

O Sr.Rivas Alvarez, contesta que o seu voto será a favor, independentemente do manifestado polo Sr.Perez Vacas.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular, que dí que primeiro, o portavoz do PSOE apoiouse en algo que era un gasto para o Concello , e si desde a implantación do TDT hai algun tipo de instrucción polo que o Concello deba ter un gasto nos términos a que se referiu o Sr.Perez Vacas , e nese suposto e si eso non esta dentro dese convenio, que o descoñece , apoiarian isto, e de non ser así, e tras leer os puntos da Moción menciona o Sr.Concelleiro no uso da palabra que tampouco se van negar para que non lles digan que non se dirixen a Xunta, e se hai que “reñirilles” o farán, pero si xa estan instalados os equipos e non hai , que non o sabe , ningun custo para o concello, nin a nin b son necesarios ,absterianse porque tampouco lle encontran ningun sentido, que non o sabe, e por iso pregunta.

O Sr.Alcalde manifesta que cre que a proposta a priori é totalmente extemporánea e os gastos que puido te-lo Concello ,como outra entidade publica ou privada que tiña que comprar unhos adaptadores de televisión, nas instalacions que poidera telo Concello , pero doutro tipo de microemisores non ten feito nada , ultimamente , non teñen investido nada , porque naide o ten requirido, enton a priori pode parecer que nada teñen que pedirlle, pero xurde un problema por unha cuestion que non teñen resolta e sobre a que teñen feitas xestións , e un medio de comunicación sacou varias veces , á cuestión dos moitos veciños que non reciben o sinal e o Alcalde puxose en contacto coa Xunta e lle sinalaron que as reclamacións que veñen por axentes autorizados non lles fan incidencia de que eso sexa real , pero diante da insistencia dun

medio de comunicación , voltou a insistir en que algo debía pasar e que lle extrañaba, que non houbera moita xente , pero se a moción serve para curarse en saúde pode valer, pero había un número elevado de domicilios que non recibían o sinal e aínda coa argumentación de que sexa extemporánea, pero se dentro dunhos días se di que existen carencias, e como se di que se hai un número elevado de domicilios tería que ser vía satélite, ou unha cuestión menor que entende tería que ser o Concello, coa argumentación de que aínda considerandoa extemporánea a motivarían en que por si acaso , teñen algunha carencia polo que estarían dispostos a votar a favor.

O Sr. Pérez Vacas dí que non sabe a que se refire a cuestión da extemporaneidade da Moción si e fora de lugar polo tempo ou polo contido, e foi presentada o 23.03.2010 e o apagón analóxico era o 12 de abril, e ao mellor non había tempo suficiente ,pero o que pretende a moción é un pouco cubrir esas deficiencias que podería haber para a TDT, pero si aproveitando se pode facer as xestións que di o Sr. Alcalde , o Grupo Socialista, aproveitando as charlas ou conferencias que dan polas parroquias transmíteselles tamén en algunhas esas deficiencias de sinal e habería que ter un estudio ou algo máis concreto, e se é unha petición dunhos poucos ou que o sinal non se capta, e o que queren é desenvolver a laboura política e a mellora da calidade de vida de todos os veciños.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular dí que iso o dicía tamén antes o portavoz de UPRI e o portavoz do PSOE dicía que era por outra vía, e agora insiste o portavoz do Bloque e se ao portavoz do PSOE xa lle vale hai que incorporalo e o que aquí se propón é extemporáneo porque xa está, porque xa foi o apagón analóxico, e ata agora non cargaron ao Concello ningún custo, pero agora se a alguén lle sucedeu, e eiquí hai tres persoas que foron ou son Alcaldes, se a todos lles sucedeu que fallaba o sinal de TV e tiñan que pedir, un microemisor ou un espello, se lles parece que iso require unha moción, pero lle parece que nos últimos quince anos se fixo desde as Alcaldías chamando á Medios de comunicación da Xunta, á Secretaría Xeral de Medios de Comunicación da Xunta.

Prosegue a deliberación entre o Sr. Rodríguez Andina e outros Concelleiros, manifestando o primeiro que tiveron que pedir o reemisor de San Miguel e manifestando o Sr. Pérez Vacas que non ten inconveniente en que se incorpore o engadido á Moción, e tamén se manifesta o mesmo criterio por parte do Sr. Alcalde e do Sr. Rivas Alvarez, no sentido de que se incorpore á Moción un punto para que se mellore o sinal para situacións sobrevidas e non resoltas e que para as cuestións sobrevidas de transición en situacións de falta de cobertura que non se asuma o custo polo Concello e que se resolva no marco das relacións neste ámbito entre a Xunta e o Estado e que se solucione.

De seguido, polo Pleno Municipal, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acórdase :



1.- O concello de Ribadeo insta á xunta de Galicia para que en cumprimento dos acordos asinados no seu día co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, financie todas as operacións necesarias para o desenvolvemento do Plan de Transición á TDT.

2.- O Concello de Ribadeo insta á Xunta de Galicia para que no prazo establecido e antes do apagón analóxico , instale os equipos, programas e sistemas electrónicos, informáticos e de telecomunicacións correspondentes ao asinado no Convenio Marco co MYTC.

3º. O Concello de Ribadeo insta ás Administracións competentes para que se mellore o sinal para situacións sobrevidas e non resoltas e que para as cuestións sobrevidas de transición en situacións de falta de cobertura, que non teña que asumirse por este Concello o custo, e que se resolva no marco das relacións neste ámbito entre a Xunta e o Estado, solucionando entre ambos dous a situación de falta de cobertura que se detecte.

**2010/11/29.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE INSTE Ó MINISTERIO DE INDUSTRIA Ó RETORNO AO COBRO DOS RECIBOS BIMESTRAIS DE CONSUMO ELÉCTRICO POR PARTE DAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS.**

Por parte do Sr.Rivas Alvarez, procédese á lectura da Moción do seu Grupo que se transcribe de seguido:

:“Solicitud a Xunta de Galicia para que inste ao Ministerio de Industria ao retorno ao cobro dos recibos bimensuais do consumo eléctrico por parte das empresas subministradoras.

**ANTECEDENTES:**

Centos de veciños do Concello de Ribadeo veñen de presentar en días recentes reclamacións na Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC) perante os abusivos recibos cobrados polas empresas subministradoras de enerxía eléctrica (comercializadora de último recurso) con motivo da facturación estimada do seu consumo. O que está a supoñer cobros de ata 600 euros nun so recibo para vivendas unifamiliares, incrementándose notablemente esta cantidade cando estamos a falar de pequenas empresas e negocios.

“Legislación vigente: lectura bimestral, factura mensual.La aprobación por parte de Industria del Rea! Decreto 1578/2008 de 26 de septiembre obliga a las compañías electricas a facturar mensualmente al usuario desde el pasado mes de noviembre. En concreto, la disposición adicional séptima

de este RD estipula que "la facturación de las tarifas de suministro de energía eléctrica social y domésticas (hasta 10 kW de potencia contratada) a partir del 1 de noviembre de 2008 se efectuará por la empresa distribuidora mensualmente, llevándose a cabo con base en la lectura bimestral de los equipos de medida instalados al efecto ". Esto significa que, aunque la factura se emita ahora cada mes, la lectura de los contadores se sigue materializando de forma bimensual. Por tanto, los meses en las que no se realiza una lectura real, las eléctricas elaboran un cálculo estimado mediante el consumo anterior del usuario, lo que ha provocado estos desajustes, tanto al alza como a la baja, entre las facturas de un mes y el sucesivo. Las eléctricas defienden que, por ley, no están obligadas a realizar una lectura del contador de firma mensual, por lo que realizan estos cálculos estimados en la factura."

Estas situacións polo novo recibo mensual xa levaron ás comunidades de Madrid, Andalucía, Extremadura, Baleares e Canarias a expedientar ás compañías eléctricas. Solicitamos:

Que por parte do Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Xunta de Galicia que esixa a devolución do diñeiro cobrado de mais polas compañías eléctricas aos consumidores.

2º.- Que os clientes en xeral e en particular os veciños e veciñas de Ribadeo, paguen polo consumo real de electricidade e non por un consumo estimado que realice a compañía eléctrica, tal e como esta sucedendo na actualidade.

3º.- Que dende a Consellería de Industria da Xunta de Galicia se inste o Ministerio de Industria a que se retorne o cobro dos recibos bimensuais, ata que non se garantice unha lectura real dos contadores mensualmente."

Promóvese deliberación , intervindo en primeiro lugar o portavoz do Grupo Municipal do PSOE Sr.Pérez Vacas, que manifesta que non sabe se hai suficiente capacidade decisoria nun acordo plenario e porque hai que pedir á Xunta para que pida ao Ministerio, e que o di polo texto presentado, e pregunta se non se pode instar directamente dende o Pleno.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez, se manifesta que se pode instar á Xunta e ao Ministerio que lle da igual, e que o que ten que dar marcha atrás é o Ministerio polo sistema de implantación que fixo, e que as Comunidades Autonomas que mencionou xa expedientaron as compañías eléctricas, e que teñen a potestade e a Xunta tamén, ao existir competencias transferidas.

O Sr. Pérez Vacas di que descoñece por completo o marco legal e dubida que estean actuando de xeito ilegal nesas cobros e que ten dúbida sobre que teña cobertura legal o que se está pedindo para resolver favorablemente de cara ao administrado, polo que vaise abster.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina a continuación, que dí que respecto ao primeiro apartado de solicitar da Xunta de Galicia o que dí na Moción, teñen que se-los propios consumidores que entendan que lles cobran de mais e que por iso están indo á oficina municipal de consumo a face-la reclamación á empresa correspondente e a ver se vai resultar que “papá Estado”, sexa o que teña que coidalos a todos e non preocuparse de nada, e lle parece que a Xunta non ten que esixir a devolución de nada e ten que se-lo prexudicado e que recabará as reclamacións e terá que darlles curso a través dos servizos da Xunta e que non lle parece correcta esa parte da proposta.

Procede a continuación o Sr. Rodríguez Andina a ler a outra parte da Moción e sinala que no propio argumentario dos antecedentes que aporta o Grupo é donde lles fala de lexislación vixente e se menciona que as compañías estanse atendo estrictamente ao regulado legalmente no Decreto 2008 e que se está facendo como se sinala no mesmo, e no segundo párrafo pide unha cousa que ao mellor é ao revés porque dín na liña 4ª que provocan estes desaxustes á alza ou á baixa, é dicir que están dicindo que hai facturas que cobran de mais un mes e de menos outro, e entón ao mellor pagar polo consumo real, facer unha media ponderada e xa está, e se insta ao Ministerio de Industria e sinalando que a xente prefería pagar mes a mes na situación actual e non un “serruchazo” cada dous meses e se a maioría do Pleno cre que é mellor cada dous meses, “ amén e aleluia”, e o seu Grupo tampouco ve o 3º apartado da Moción.

O Sr. Alcalde intervén mencionando que o seu Grupo están de acordo co fondo, pero na forma non hai por donde colle-la Moción porque respecto a solicitar á Xunta de Galicia coincide cos argumentos do Partido Popular, e o usuario terá que ir aos servizos autonómicos ou concertados, e a partir de aí, haberá un expediente que se resolverá motivadamente, e a quen lle piden algunhas das cuestións que se mencionan, a Xunta, son cuestións como o de pedir a Xunta que de catro millóns de parados pase a dous, que se pode pedir o que lles dea a gaña, pero a realidade material é bastante parca e non sabe se é mellor darlle unha volta, ou que quede sobre a mesa, e que a volte a presentar outra vez, motivadamente e que son conscientes de que hai moitas reclamacións, e que hai oscilacións entre os meses e hai un desaxuste enorme non sabe se serán competentes para abordar no Pleno o Real Decreto e darlle unha alternativa, é dicir que no fondo entende que é un disparate isto porque produce numerosos desaxustes e instar ao Ministerio a que o resolva ou a que busque unha solución ou pouco mais, e que a Xunta realmente non sabe que pedirlle.

Intervén a continuación o Sr.López Pérez que menciona que pensa que as reclamacións que se fan na OMIC non é porque sexan lecturas estimadas, e que hai casos de persoas ás que non lles pasan os recibos dende fai moito tempo e temen que teñan que pagar moito xunto.

O Sr.Castro Reigosa, intervén mencionando que teñen chegado recibos acumulados de 6 ou 7 meses.

Deliberase entre os Sres.Concelleiros sobre este particular, reiterando os argumentos expostos.

O Sr.Alcalde menciona que se elabore unha refundición, sinalando que existen moitos problemas e pedindo ao goberno que adopte medidas.

O Sr.Rivas Alvarez manifesta que recolleu unha sensación popular e que hai unha cifra importante de cartas que están chegando aos consumidores e que son cantidades desorbitadas que debían ser con lecturas cada dous meses e propón que se dirixan ao Ministerio de Industria con esa petición.

O Sr.Castro Reigosa,Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, intervén e manifesta que o tema está en dirixirse a ese Ministerio e que se facture mensualmente coa factura real.

O Sr.Rodríguez Andina pola súa parte sinala que lle teñen que dicir ao Ministerio o que ten que facer existindo un Real Decreto lles parece unha osadía e unicamente pode facerse mención a algo máis xenérico referido ao caos que se está creando e que o Grupo Popular so se queda co segundo punto da Moción, e pedirilles que atenda ao 2º punto.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte como propoñente da Moción manifesta que debe sair un acordo de todos e que hai mais de 200 reclamacións na OMIC e que debe dirixirse ao Ministerio e propón que se redate o punto número 2 de tal xeito que figure que dirixirse ao Ministerio de Industria para que se garantice unha lectura real dos recibos e solicitar ao referido Ministerio que sexan coincidentes o real e o facturado.

De seguido procédese a votación da Moción que arroxa 6 votos a favor dos membros dos Grupos Municipais de UPRI como propoñente e do BNG, e 7 abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PP e do PSOE), acordándose:

1º.- Solicitar da Xunta de Galicia que esixa a devolución do diñeiro cobrado de mais polas compañías eléctricas aos consumidores.

2º.- Que os clientes en xeral e en particular os veciños e vecinas de Ribadeo, paguen polo consumo real de electricidade e no por un consumo estimado que realice a comparila eléctrica, tal e como esta sucedendo na actualidade.

3º.- Que dende a Consellería de Industria da Xunta de Galicia se inste o Ministerio de Industria a que se retorne o cobro dos recibos bimensuais, ata que non se garantise unha lectura real dos contadores mensualmente.”

## **2010/12/30.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DO PORTO DE MIRASOL E PARA ASEGURAR, AFIANZAR E EXPANDIR O VOLUME DE TRÁFICO COMERCIAL.-**

Dase conta da Moción que se transcribe de seguido:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR no Concello de Ribadeo través do seu portavoz D. JOSE CARLOS RODRIGUEZ ANDINA en base á legislación vixente presenta a seguinte MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DO PORTO DE MIRASOL E PARA ASEGURAR , AFIANZAR E EXPANDIR O VOLUME DE TRÁFICO COMERCIAL

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Partido Socialista está a traballar activamente coa intención de substituír ao porto de Mirasol (Ribadeo) como dársena receptora da actividade da empresa papeleira Ence, prexudicando dun xeito evidente os intereses de Galicia e obstaculizando a captación dun tráfico portuario que contribúe a xerar riqueza e emprego na nosa comunidade.

Desde o porto de Ribadeo móvense anualmente unha gran cantidade de mercadorías, principalmente pasta de papel e madeira procedente da empresa Ence-Navia. De feito preto do 65% da actividade do porto lucense de Mirasol depende da papeleira navega. O risco nace na estratexia impulsada por dúas administracións xestionadas polo PSOE, o Principado de Asturias e o Ministerio de Fomento, a través da empresa pública FEVE (Ferrocarriís de Vía Estreita) . Ambas entidades asinaron un convenio para financiar a conexión entre a factoría papeleira e o porto do Musel en Xixon. O obxectivo é facerse co tráfico portuario que na actualidade opera desde o peirao de Mirasol en Ribadeo. Malia que son totalmente comprensibles as pretensións do Principado de Asturias , na idea de potenciar o porto de Xixón-non compartida por moitos concellos asturianos limítrofes co do peirao de Mirasol, que hoxe dá traballo a un bo número dos seus vecinos-o que resulta totalmente inaceptable é a evidente discriminación na que incorre o Ministerio de Fomento con respecto a Galicia. Mentres que o departamento estatal que dirixe o socialista galego Jose Blanco, prevé investir 3,5 millóns de euros nesta nova liña de conexión ferroviaria entre Ence-Navia e o porto do Musel de Xixón, non está previsto unha mobilización de recursos equivalente en beneficio de Ribadeo- Todo iso, malia que tamén Fomento podería investir nunha mellora dos espazos que FEVE ten dispostos en Ribadeo, no polígono industrial que o propio Goberno central promove, do tal xeito que tamén o porto do Musel puidera recibir por este medio ferroviario madeira ou pasta de papel, mantendo o tráfico portuario procedente da empresa papeleira. É polo que o Grupo Popular no Concello de Ribadeo somete a consideración do pleno a aprobación da seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDO.-

PRIMEIRO.- A Corporación Municipal insta á Xunta de Galicia a continuar a liña de traballo establecida por Portos de Galicia de cara a asegurar , afianzar e expandir o volumen de trafico comercial do peirao de Mirasol, por canto este ten un elemento dinamizador da economía e o emprego da área da Mariña Oriental

SECUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia , á Conselleria do Mar e ao Presidente do Ente Público Portos de Galicia ademais dos Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego.

Existe outra Moción tamén do Grupo Municipal Popular que textualmente dí:

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR no Concello de Ribadeo través do seu portavoz D. JOSE CARLOS RODRIGUEZ ANDINA en base á legislación vixente presenta a seguinte

### **MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DO PORTO DE MIRASOL E PARA ASEGURAR , AFIANZAR E EXPANDIR O VOLUME DE TRÁFICO COMERCIAL**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Partido Socialista está a traballar activamente coa intención de substituír ao porto de Mirasol (Ribadeo) como dársena receptora da actividade da empresa papeleira Ence, prexudicando dun xeito evidente os intereses de Galicia e obstaculizando a captación dun tráfico portuario que contribúe a xerar riqueza e emprego na nosa comunidade. Desde o porto de Ribadeo móvense anualmente unha gran cantidade de mercadorías, principalmente pasta de papel e madeira procedente da empresa Ence-Navia. De feito preto do 65% da actividade do porto lucense de Mirasol depende da papeleira navega. O risco nace na estratexia impulsada por dúas administracións xestionadas polo PSOE, o Principado de Asturias e o Ministerio de Fomento, a través da empresa pública FEVE (Ferrocarrís de Vía Estreita) . Ambas entidades asinaron un convenio para financiar a conexión entre a factoría papeleira e o porto do Musel en Xixon. O obxectivo é facerse co tráfico portuario que na actualidade opera desde o peirao de Mirasol en Ribadeo.

Malia que son totalmente comprensibles as pretensións do Principado de Asturias , na idea de potenciar o porto de Xixón-non compartida por moitos concellos asturianos limítrofes co do peirao de Mirasol, que hoxe dá traballo a un bo número dos seus vecinos-o que resulta totalmente inaceptable é a evidente discriminación na que incorre o Ministerio de Fomento con respecto a Galicia

Mentres que o departamento estatal que dirixe o socialista galego Jose Blanco, prevé investir 3,5 millóns de euros nesta nova liña de conexión ferroviaria entre

Ence-Navia e o porto do Musel de Xixón, non está previsto unha mobilización de recursos equivalente en beneficio de Ribadeo-

Todo iso, malia que tamén Fomento podería investir nunha mellora dos espazos que FEVE ten dispostos en Ribadeo, no polígono industrial que o propio Goberno central promove, do tal xeito que tamén o porto do Musel puidera recibir por este medio ferroviario madeira ou pasta de papel, mantendo o tráfico portuario procedente da empresa papeleira. É polo que o Grupo Popular no Concello de Ribadeo somete a consideración do pleno a aprobación da seguinte: PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- A Corporación Municipal insta ao Ministerio de Fomento a realizar un investimento en beneficio do termo municipal de Ribadeo, como mínimo equivalente ao previsto por FEVE para a conexión entre a factoría Ence-Navia e o porto do musel en Xixón polígono industrial que o propio Goberno central promove, de tal xeito, que constrúa un apeadeiro para a carga e descarga de pasta de papel e Madeira nesta localidade o que contribuirá a manter e u mesmo aumentar o tráfico portuario destas materias primas no porto ribadense de Mirasol.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Ministro de Fomento, á empresa Ferrocarril Español de Vía Estreita (FEVE), así como á Consellería do Mar da Xunta de Galicia e tamén aos grupos políticos do PP, PSOE e BNG con representación no Parlamento galego e nas Cortes Xerais.”

Iniciase deliberación na que se manifesta polo Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que non teñen inconveniente en apoiar a Moción.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista manifesta que están a favor da Moción nos propios termos da mesma, facéndose referencia a o acordo acadado na Comisión de Pesca do Parlamento.-

O Sr. Pérez Vacas manifesta que non ven agravios comparativos con Asturias e fai referencia ás melloras efectuadas en Vilalba, e ao “Palma Arena” significando que non hai agravio comparativo.

O Sr. Rodríguez Andina, manifesta que pola súa parte non fala de agravio.

Intervén o Sr. Alcalde que dí que tal como están as Mocións van votar a favor pero supón que o redator non estaría pensando que non vota a favor dun recheo como o que se pretendía coa plataforma flotante e o Sr. Rodríguez Andina manifesta que tamén hai que ter en conta as propostas razoables de Portos de Galicia deliberándose que sí, pero tendo en conta as outras.

Faise referencia igualmente a unha proposta do BNG para esixir un Terminal de carga e descarga e que está sen facer.

De seguido polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria, procédese á aprobación de ambas dúas Mocións e subseguintemente, por unanimidade, acórdase:

PRIMEIRO.- A Corporación Municipal insta á Xunta de Galicia a continuar a liña de traballo establecida por Portos de Galicia de cara a asegurar , afianzar e expandir o volumen de trafico comercial do peirao de Mirasol, por canto este ten un elemento dinamizador da economía e o emprego da área da Mariña Oriental.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia , á Consellería do Mar e ao Presidente do Ente Público Portos de Galicia ademais dos Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego.

Igualmente, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

PRIMEIRO.- A Corporación Municipal insta ao Ministerio de Fomento a realizar un investimento en benefico do termo municipal de Ribadeo, como minimo equivalente ao previsto por FEVE para a conexión entre a factoría Ence-Navia e o porto do musel en Xixón polígono industrial que o propio Goberno central promove, de tal xeito, que constrúa un apeadeiro para a carga e descarga de pasta de papel e Madeira nesta localidade o que contribuirá a manterlo u mesmo aumentar o tráfico portuario destas materias primas no porto ribadense de Mirasol.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Ministro de Fomento, á empresa Ferrocarril Españois de Vía Estreita (FEVE), así como á Consellería do Mar da Xunta de Galicia e tamén aos grupos políticos do PP, PSOE e BNG con representación no Parlamento galego e nas Cortes Xerais.”

#### **2010/13/31.-ASUNTO FORA DA ORDE DO DIA.-**

#### **MOCION DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI DE SOLICITUDE DE ARCHIVO DEFINITIVO DE EXPEDIENTE ABERTO A UNHA TRABALLADORA DO PISO TUTELADO.-**

Intervén o Sr. Rivas Alvarez que manifesta que antes de pasar ó punto seguinte, queren presentar unha moción de urxencia, e que é unha solicitude de arquivo dun expediente aberto a unha traballadora do piso tutelado, que dice que no piso tutelado sito na rúa Rosalía de Castro, nº 10 primeiro, con motivo da instalación dun aparello para poder ver a TDT que lles foi facilitado inicialmente por un compañeiro da corporación, Don Jesús López Penabad do grupo municipal popular, e posteriormente polos servizos sociais do Concello,



e a raíz de que unha traballadora presente no piso lle deixou entrar no piso a este compañeiro da corporación.

Prosegue sinalando o Sr. Rivas Alvarez que por tal motivo o Sr. Alcalde decidiu abrir un expediente informativo a traballadora Dona María Josefa Arango Prieto, entendendo os do seu grupo igual que o que manifestaron os do resto da Corporación nos medios de comunicación, que é esta unha actuación desmesurada, máis ben de abuso de poder e sobre todo máis propia doutros tempos, é polo que solicitan por parte do procedente acordo adoptado polo Pleno da Corporación que se archive sen máis trámite o expediente informativo aberto a traballadora sen ningunha repercusión para a mesma nin para o resto de traballadoras do piso tutelado. En segundo lugar, que non se volva a repetir este caso nin se volvan a repetir a adopción de medidas coercitivas cara a estas traballadoras que actuaron desde o sentido común e sobre todo desde a boa fe. En terceiro lugar, dar traslado a traballadora do piso tutelado así como os servizos sociais do Concello.

O Sr. Alcalde pregúntalle o Sr. Rivas Alvarez se esa é a xustificación da urxencia.

O Sr. Rivas Alvarez di que si, que é un expediente que está aberto e que eles entenden que non debe seguir aberto nin un minuto máis, por iso presentan esta moción hoxe.

O Sr. Alcalde di que non sabe o que van dicir os dos outros grupos, pero que él dubida que o Pleno poida archivar expedientes que se abriron por parte dos servizos administrativos e coa consecuencia que ten o expediente, pero que se o resto dos grupos teñen outra cuestión e pode debatirse.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, manifesta que precisamente esa era unha das pegadas que se lles plantexaban xa antes. Di que lle gustaría se é posible é facer unha consulta puramente técnica, e dicir, que se o Pleno lle pode, que supón que si pode solicitar, pero se pode de algunha forma esixirle ó Alcalde que archive un expediente disciplinario, que o peche tal cual, e non sabe se iso se poder facer. En segundo lugar, que no suposto que se poida facer non sabe que valor real ten o acordo. Quere dicir, que hai que ver se se pode facer, e que de poder facerse e aprobalo, se ten que pechar necesariamente o expediente ou non, e senón a ver de que se está falando.

O Sr. Secretario intervén e di que isto é entrar no fondo e que a cuestión da urxencia da moción é unha cuestión totalmente independente do fondo da moción, e dicir, que unha cousa é que a moción sexa urxente ou non o sexa, e outra cousa é que a moción teña un contido que sexa correcto ou non.

O Sr. Rodríguez Andina manifesta que antes de estudar a urxencia teñen que saber a utilidade e que por iso plantexa primeiro iso, que se non é útil, por moi urxente que sexa non é útil, e se é útil xa é outra cousa.

O Sr. Secretario manifesta que coas limitacións que ten plantexar un tema que non estaba previsto e que él evidentemente non coñecía, cre que hai que ir a un principio básico esencial, que é que as entidades locais non teñen unha relación xerárquica entre os seus órganos, e dicir, que cada un ten unhas competencias que son propias, e non hai relación xerárquica, polo tanto as funcións da Alcaldía son propias da Alcaldía e son distintas do Pleno e o Pleno non pode ter competencias da Alcaldía e a Alcaldía competencias do Pleno, agás que se produza unha delegación, que se nesta materia se adoptara un acordo sería meramente orientativo, de manifestación da vontade e non podería revocar a resolución que a Alcaldía adoptou, que en todo caso é unha resolución que é dun expediente informativo previo sobre os feitos, e non existe ningún expediente disciplinario aberto que a él lle conste, a ningún traballador. Proseguese informando por Secretaría que é un expediente informativo previo das circunstancias que ocorreron por unha determinada actuación que hai Instructor é Secretario, e que o teñen por resolver, e que o Alcalde pode decidir archivar o expediente se o estima procedente, pero entende que se o Pleno adoptase un acordo sería meramente recomendación sen valor xurídico que se incorporaría ó expediente como calquer outro documento máis. Estas son todas as limitacións que ten según o seu criterio.

O Sr. Rivas Álvarez di que de feito na propia Moción ó que se pon é que se solicita, é unha solicitude.

O Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, di que él xa llo solicitou a través da COPE, que cre que ten un valor similar ó da moción que se presenta aquí, que foi ó día seguinte da apertura do expediente, e que foi e lle dixo que lle parecía un disparate e máis cousas que non vai a repetir aquí xa que non lle parece necesario porque xa están ditas, e que non lle fixo caso, e que non sabe tampouco como vai facer para cambialo.

O Sr. Pérez Vacas , igualmente do Grupo Municipal Socialista, di que o seu grupo foi requerido con anterioridade á chegada o Pleno igual que o Partido Popular para plantexar este tema. Sen entrar no que acaba de manifestar o Sr. Secretario ou tomándoo como punto de partida o que se pode pretender é a idea que teñen os do grupo municipal socialista é de dicirlle oficialmente, e non a través dos medios de comunicación, como parece ser que fixo o Partido Popular, ofrecerlle a través dun acordo plenario o sentir do resto da corporación ó equipo de goberno en relación coa apertura deste expediente informativo, igual que outras veces foron requeridos por parte do goberno para que se coñecera a súa opinión, neste caso a iniciativa parte do resto da corporación, que é facerlle ver ó equipo de goberno o que eles pensan deste expediente, sen entrar nas competencias que teña o Sr. Alcalde, senón como apoio a decisión que poida tomar con relación a apertura dese expediente informativo, para que coñeza o que opinan eles neste ámbito.

O Sr. Alcalde quere recordar que aínda están a valorar a urxencia sobre o tema do fondo sobre o cal está plantexado.

O Sr. Pérez Vacas di que nese sentido o seu grupo si vai a votar a favor da urxencia nese sentido que acaba de explicar para que coñeza oficialmente a opinión polo menos do Grupo Socialista.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, manifesta que se a interpretación que hai que darlle á moción é a que acaba de dicir o portavoz do PSOE o seu grupo non ten inconveniente, pero como por dicirlle que non sexa malo e que a retire.

O Sr. Alcalde di que hai que pasar a votación da urxencia. Por 9 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais propoñente de UPRI e do PP e PSOE ) e 4 abstencións (dos membros do Grupo Municipal do BNG) a urxencia da moción aprobase, e a continuación dase paso ó debate.

A moción dí textualmente:

“Solicitud de arquivo definitivo do expediente aberto a unha traballadora do piso tutelado.- Que presenta o Grupo UPRI (Unión del Pueblo Ribadense-Unión do Pobo Ribadense) para someter á consideración e aprobación no seu caso do Pleno da Corporación.

Antecedentes:

No piso tutelado situado na rúa Rosalía de Castro, núm. 10-1º con motivo da instalación dun aparello para poder ve-la TDT que lles foi facilitado inicialmente por un compañeiro de Corporación don Jesús López Penabad, do Grupo do PP e posteriormente polos servicios Sociais do Concello de Ribadeo.

A raíz de que unha traballadora presente no piso “ deixou entrar “ como decíamos,a este compañeiro de Corporacion, por tal motivo, o Sr.Alcalde decidiu abrir un expediente informativo á traballadora María Josefa Arango Prieto.

Entendendo o noso Grupo , ao igual que o manifestado polo resto dos Grupos da Corporación nos medios de comunicación , que ésta é unha actuación desmesurada, mais ben de abuso de poder e sobre todo mais propia doutros tempos é polo que, solicitamos:

Que por parte do pertinente acordo adoptado polo Pleno da Corporación

1º. Se archive sen máis trámite o mencionado expediente informativo aberto á devandita traballadora sen ningunha repercusión para a mesma nin para o resto das traballadoras do piso tutelado.

2º. Que non se volva a repetir este acto , nin se adopten outro tipo de medidas coercitivas, cara a esta /s traballadora/s que actuaron sempre dende o simple sentido común e sobre todo de boa fe.

3º. Dar traslado deste acordo á mencionada traballadora do piso tutelado así como aos Servicios Sociais do Concello.”

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, di que pola súa parte o debate quedou explicado o que se pode pretender con esta moción sen entrar a vulnerar ningunha das competencias que ten asignadas nin o Pleno nin o Alcalde. O seu grupo o que quere é que o Alcalde saiba por mor dos portavoces o que opinan, e isto é o que di a moción, que se debe retirar, neste sentido, pero que a decisión é a que tome o Alcalde.

O Sr. Alcalde di que a consideración primeira que dixo é o que o servizo xurídico da Corporación tamén di e que o seu grupo non ten máis que dicir, nin xulgan nin prexulgan a ninguén, estase a falar dun expediente informativo previo e nada máis, e que cando se resolva xa se resolverá e se aclarará convenientemente, polo cal vanse abster.

O Sr. Rivas Alvarez di que o seu voto é a favor.

Por 9 votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais propoñente de UPRI e do PP e PSOE ) e 4 abstencións (dos membros do Grupo Municipal do BNG) acórdase en relación ao expediente informativo previo aberto a unha traballadora do piso tutelado:

1º. Se archive sen máis trámite o mencionado expediente informativo aberto á devandita traballadora sen ningunha repercusión para a mesma nin para o resto das traballadoras do piso tutelado.

2º. Que non se volva a repetir este acto , nin se adopten outro tipo de medidas coercitivas, cara a esta /s traballadora/s que actuaron sempre dende o simple sentido común e sobre todo de boa fe.

3º. Dar traslado deste acordo á mencionada traballadora do piso tutelado así como aos Servicios Sociais do Concello.

### **2010/14/32.-ROGOS E PREGUNTAS.**

Inicia o turno o portavoz do grupo municipal UPRI o Sr. Rivas Alvarez dicindo que quedaron rogos e preguntas pendentes do pleno anterior e que eran para este pleno.

O Sr. Alcalde di que cre recordar que era o da débeda e os intereses de demora.

O Sr. Rivas Alvarez di que o primeiro rogo pide por favor que se lle conteste por escrito

A Sra. Interventora di que foi materialmente imposible traela para este pleno, e que a contestación por escrito conlevaría a paralización do departamento de Intervención, que ela non ten inconveniente se o Alcalde o estima así de que veña a consultar a documentación , pero polo que ela viu solicita unha aclaración das facturas aboadas con determinados prazos desde a súa presentación , e iso conlevaría que esta Interventora xa que a Tesoureira está totalmente desbordada nas súas funcións e os administrativos que ten igual, tería que facelo ela, tería que parar as súas funcións e adicarse a mirar pago por pago realizado entre esas datas e a comparativo coa data de presentación da factura, e que iso leva días.

Prosegue dicindo a Sra. Interventora que ó que si é posible é que se mire cando se realiza un pago xa que a Tesourería municipal adxúntaselle a factura, e na factura consta tanto a data da factura como a data de presentación, entón se ten algún interese especial en ver algunha en concreto ou saber se ese prazo se cumpriu , ou non , existen varios AZ na tesourería municipal con toda esa documentación.

O Sr. Rivas Alvarez manifesta que o que non entende, que non sabe se é que non está informatizado o servizo e non hai dúas columnas, unha coa data de presentación e outra coa data de pago, e é cuestión de ordenalas, é tan sinxelo como eso.

A Sra. Interventora di que non existe esa posibilidade na contabilidade, que da contabilidade pode sacar os pagos que se realizaron e as facturas que se pagaron, pero que ten que ser ela a que vaia unha por unha se se pasaron, xa que non ten forma de dicirlle ó programa que mire a ver que facturas hai pagadas nas que existan menos de 15 días entre a data de presentación e a data de pago, o programa non o da, hai que ir un por un nos pagos, e por outra banda, mirar cando foi presentada a factura.

O Sr. Rivas Alvarez di que se se lle autoriza, buscará tempo para verlo, o que pasa e que él traballa e tamén ten que cumprir co seu horario.

A Sra. Interventora manifesta que dentro do seu horario, se o Alcalde lle fixa unha data ou hora que conveñan entre eles, ela vai estar na oficina e non ten ningún problema, pero que para facer unha relación por escrito , e que ela tamén é traballadora e ten que deixar o seu traballo para facer esa listaxe.

O Sr. Rivas Alvarez di que o seu traballo é informar tamén ó resto de grupos da Corporación.

A Sra. Interventora di que ela estará persoalmente asesorando calquera dúbida que se teña.

O Sr. Rivas Alvarez di que igual se perde entre as facturas.

A Sra. Interventora di que case se perde ela.

O Sr. Rivas Alvarez di que él é moi torpe, e prosegue dicindo que pasará a ver as facturas por intervención cuando dispoña dun oco e a interventora poida atenderlo.

O Sr. Rivas Alvarez menciona que a seguinte pregunta pendente era máis ou menos ó mesmo.

A Sra. Interventora di que ocorre máis ou menos o mesmo, cartas, comunicacións, mails, etc a este Concello chegan moitísimos, e a coletilla dos xuros é habitualmente insertada nos escritos de reclamación das facturas. Dase incluso a circunstancia de que as empresas aplican o seu período de cobro habitual e que efectivamente, presentan unha factura e os quince días din que eles cobran a dez días, entón como xa pasaron dez días, requiro os xuros, e a administración vai pola Lei de contratos. O tema é que conleva saber cantas empresas solicitaron os xuros, e iso e tanto menos que a comprobación exhaustiva do rexistro de entrada deste Concello de todas as comunicacións que poideran ter esa coletilla de reclamación de xuros de demora, e estan un pouco incluso peor, xa que iso non significaría soamente que se adicara ela senón tamén solicitar a colaboración doutros departamentos na búsqueda de todos os orixinais de toda a documentación que entra no Concello. O que si lle pode dicir é que actualmente non se están a pagar xuros, exista ou non a coletilla nas comunicacións cando se aboan as facturas correspondentes non reclaman reclaman xuros de mora.

O Sr. Rivas Alvarez di que xa houbo quen as reclamou e xa non están en vigor e entende él que nas súas palabras se desprende que aínda que hai quen reclamou e que agora mesmo non se están pagando, pero que sempre se lles pagou.

A Sra. Interventora di que non, que se refire a que é unha coletilla moi habitual, a tesourería coas disposicións monetarias que ten, cando pode facer fronte a unha remesa de facturas, fai fronte ó nominal das facturas. As empresas non existe agora mesmo unha reclamación de xuros de demora respecto de facturas aboadas. Si existen coletillas, pero cando tesourería pode facer fronte fai fronte a nominal da factura.

O Sr. Rivas Alvarez di que o entende e que cando ela teña tempo poden mirar aquilo.

Prosegue dicindo o Sr. Rivas Alvarez ao Sr. Alcalde que hai un montón de rogos que presentou o seu compañeiro Sr. Reymondez Gancedo e que non aparecen na redacción da acta e que xa llo dixo antes, que quere saber se se aceptan ou non, pedía que se reparasen as beirarrúas da Rúa San Roque, que os adoquins da rúa San Francisco, fronte a Foto Pérez seguen sen repararse,

e non sabe se se aceptan ou non, que son rogos do pleno anterior que non figuran na acta e quere saber se se aceptan.

O Sr. Secretario di que na acta si figuran os rogos, pero que non houbo manifestación expresa.

O Sr. Alcalde di que as plaquetas de diante de Pérez estaban amañadas, pero non sabe se se volveron a despegar, e que en San Roque que as plaquetas estaban despegadas di que si que efectivamente, xa que esa rúa desde hai dez ou doce anos que se fixo sempre quedaron moi mal, entón empezaron por un extremo e acábase polo outro, e de alí a unhos meses xa volve haber plaquetas despegadas neses tramos. Di que eses dous rogos están aceptados.

O Sr. Rivas Alvarez prosegue con outro rogo que era que se colgasen na web do Concello as actas dos plenos.

O Sr. Alcalde di que ese rogo estaba aceptado, pero que igual non se fixo ata agora, pero que nos próximos días colocaranse sen problema.

O Sr. Rivas Alvarez prosegue referíndose ao arranxo dunhoss baches na estrada que vai desde Bestilleiros a Vilamariz e tamén se refire a pista que vai desde a casa do gran Xosé ó cruce do Camiño de Santiago en Vilamariz e pregunta se se acepta ou non.

O Sr. Alcalde di que claro que se acepta.

O Sr. Castro Reigosa di que xa se aceptou.

O Sr. Alcalde reitera que si se acepta ,pero que todo ao seu tempo, e di que se vai a ter que aceptar todos os rogos do Concello.

O Sr. Rivas Alvarez di que non lle van a pedir iso de forma xenérica, pero si neste caso especificamente no primeiro, por iso o trasladan ao Pleno, e entende que se todo o que dixo o seu compañeiro di que son cousas iguais como o feito en Vilela á beira da escola, ou un cartel que había tirado ..e que o que piden e que figure expresamente a resposta.

O Sr. Alcalde contéstalle ao Sr. Rivas que está retirado o cartel.

O Sr. Rivas Alvarez di que son todo cousas así e o que si pedían e que figuren expresamente, que sigan actuando os nenos nas Anzas.

O Sr. Alcalde di que cando o Concello teña diñeiro.

Pregunta entón o Sr. Rivas Alvarez se se acepta o rogo para cando haxa diñeiro. Igualmente pide que se amaíe nas Anzas o camiño que vai dende a marquesina dos nenos ata a casa do carteiro, cousas que dixeron específicas.

O Sr. Alcalde di que xa o teñen previsto.

Pregunta o Sr. Rivas Alvarez se o acepta.

O Sr. Castro Reigosa di que si se acepta.

O Sr. Rivas Alvarez formula outro rogo, que en Vilausende na estrada que vai desde o teleclubes ata Santalla de Arriba se amaíe.

O Sr. Alcalde di que xa está amañada.

O Sr. Rivas volve a reiterar que quere que quede constancia de que se aceptaron, xa que non consta explicitamente.

Intervén agora o membro do Grupo Municipal de UPRI, Sr. Reymondez Gancedo preguntando respecto a algo que di que xa o preguntou máis veces, que é sobre a débeda que ten o Concello coa Asociación Ponte dos Santos, que aínda que xa o dixo máis veces aínda non lla remitiron, e non sabe se lle a poden dar por escrito, e senon que lla dean.

O Sr. Alcalde di que si, e que se fixo un pago importante un destes días, cerca de sesenta mil euros.

O Sr. Reymondez Gancedo di que entende que se pagan xuros por esa débeda.

A Sra. Interventora di que neste caso non son xuros, o que hai é que a entidade solicita un crédito que avala o 50% do concedido e o 50% o Concello de Castropol como consecuencia do retraso no pago do Concello de Ribadeo deronselle os xuros da póliza non do pago. Entón como Castropol ía máis ao día que Ribadeo, asume o Concello de Ribadeo máis custo das comisións de mantemento, de xuros da disposición da débeda, etc, non é que se paguen xuros por pagar máis tarde, senón que se pagan os xuros correspondentes ó mantemento desa póliza por máis tempo.

O Sr. Reymondez Gancedo formula unha pregunta, cantos expedientes se abriron en referencia ao incumprimento da ordenanza municipal de medio ambiente, e en concreto a cartelería que hai pegada por ahí, indiscriminadamente.

O Sr. Alcalde di que non lle consta agora mesmo, que o tería que mirar. E preguntalle ó Sr. Reymondez Gancedo que cartelería hai pegada.



O Sr. Reymondez Gancedo contesta que é a cartelería que hai pegada nas columnas, di que pensa que o Alcalde pasa por ahí , e que o viu.

O Sr. Alcalde reitera que non sabe agora mesmo, que o tería que mirar, cre que ningún.

O Sr. Reymondez Gancedo prosegue diciendo que de toda-las formas lle roga que se adopten as medidas oportunas para que non se siga incumprindo dita ordenanza , e que se limpe iso, xa que ver as entradas dunha vila como Ribadeo saíndo da autovía nesas rotondas, da pena, e que a cartelería que se pegue se faiga nos sitios adecuados que xa están marcados.

Prosegue o Sr.Reymondez Gancedo con outro rogo , referíndose aos Servizos sociais do Concello que informaron sobre una señora que vivía nas vivendas sociais ,e que parece ser que vivía alí, e que agora vive fora do Concello e gustaríalle que se pudiera lles dera copia dese expediente.

O Sr. Alcalde di que non entende, que non sabe de que señora lle fala, nin de que expediente, e que hai temas e casos que son confidenciais, e que supón que non se poden dar, e que desde logo en público non llos daría. Di o Sr.Alcalde que o ten que mirar co Secretario pero que non sabe exactamente de que señora se trata, que os servizos sociais dende hai un mes levan tramitados trinta e pico expedientes ou coarenta, e non sabe exactamente a cal se refire, non ten nin idea.

O Sr. Reymondez Gancedo di que lle lo poden dicir por escrito. A continuación formula outro rogo referente os servizos da Casa do Concello, e con iso refírese aos lavabos e aos inodoros, a ver se se poden reparar, porque él leva agora mesmo como concelleiro tres anos máis ou menos, e aquí neste andar ao fondo (o Sr.Concalleiro refírese aos servizos sitos no primeiro andar desta Casa do Concello) hai unhas servizos nos que hai dous sanitarios tapados con bolsas de basura negras que xa estaban, hai unhas azulexos tumbados , e seguen tumbados, e que aquí ven a xente, pero quen leva as de perder son os propios traballadores porque teñen que sufrir esas inconveniencias.

O Sr. Alcalde e o Sr.Castro Reigosa contestan que entenden que iso xa está previsto no proxecto do ascensor.

O Sr. Reymondez Gancedo resposta que menos mal , que despois de tres anos se arranxe.

A Sra. Interventora di que non hai diñeiro.

O Sr. Reymondez Gancedo di que non hai diñeiro, que moi ben. Pide tamén que se se pode arranxar a Praza de Abastos e pintala.

O Sr. Alcalde pregunta que qué lle hai que amañar.

O Sr. Remondez Gancedo di que se refire a pintala por dentro, e por fora cando haxa tempo, e pregunta se a disculpa agora e sempre esa.

Para rematar, fai outro rogo respecto a que diante do edificio de Aduanas hai un valado que está roto, diante dos xardíns, se arranxe.

O Sr. Alcalde pregúntalle se se refire aquí, diante dos xardíns, contestando afirmativamente o Sr. Concelleiro de UPRI, no uso da palabra.

Formula por último o Sr. Reymondez Gancedo un rogo que dí que xa llo pediu máis veces que se poden reparar os sumidoiros da travesía e da rúa de Suso Peña.

O Sr. Castro Reigosa, Concelleiro de Facenda, respóstalle o Sr. Reymondez que diso xa ten instrucións o capataz.

Intervén agora o portavoz do grupo municipal socialista, o Sr. López Pérez e di que tiñan presentado do Pleno anterior un rogo sobre un escrito que presentaran os veciños de Rosalía Castro e Barcia Trelles sobre as máquinas expendedoras, e él rogou que se lles contestase, cre que o Sr. Alcalde aceptou o rogo, e preguntalle se lles contestou por escrito.

O Sr. Alcalde di que por escrito a día de hoxe aínda non, o que sí estivo e está facendo xestións para intentar resolver esa cuestión.

O Sr. López Pérez pide que quere que se lles conteste por escrito cando proceda, que non quede sen contestar. Prosegue referíndose a outro asunto, que era sobre o tema do rapaz ao que se lle deben eses cartos, ( O Sr. Sandez) e que ten presentado un escrito, e non quere entrar a volver a discutir se se lle vai pagar ou non, pero o que pide e que se lle conteste por si hai lugar a recurso.

O Sr. Alcalde contesta que él da por válida a extensa explicación que lle deu a interventora anterior no último Pleno.

O Sr. López Pérez di que non foi no último, que foi no anterior, no que rogou que se lle contestara por escrito.

O Sr. Alcalde di que xa que as actas son públicas, e coa extensa intervención que fixo a Interventora cre que ahí está e cre que non hai máis.

O Sr. López Pérez reitera e pídelle o Sr. Alcalde e que se lle conteste cunha copia da acta por se ha lugar a recurso.

O Sr. Alcalde respóstalle que a acta é pública e que está colgada na páxina web.

O Sr. López Pérez pregunta se ese señor ten dereito a recurso ou non, que se lle conteste, que é un rogo que lle fai, se lle pode contestar neste sentido, e dicir, que se estima ou non que ten dereito e desto ten que haber un recurso para presentalo, e se imaxina que como todos os cidadáns ten que ter dereito a que se lle conteste por escrito; é un rogo que lle fai, non lle pregunta se o estima ou non, nin que o faga mañá nin pasado, senón que o faga.

O Sr. Alcalde contesta que se remite ó que dixo exclusivamente a que era Interventora naquel momento.

O Sr. López Pérez dille que quere saber se lle vai a contestar ou non.

O Sr. Alcalde reitera que se remite á extensa explicación que deu a Interventora no último Pleno.

O Sr. López Pérez di que acepta esa explicación.

O Sr. Alcalde quere informalo que como documento público a acta de esa sesión recolle o que a Interventora dixo.

O Sr. López Pérez non di que non o recolla, o que quere saber e se ten recurso ou non.

O Sr. Alcalde di que non o sabe.

O Sr. López Pérez di que ou os servizos xurídicos ,ou alguén , ten que saber se ten recurso ou non o ten.

O Sr. Alcalde di que non lle vai a contestar nada máis.

O Sr. López Pérez di que se nega a contestar.

O Sr. Alcalde di que a él aínda non lle contestou o anterior alcalde de Ribadeo.

O Sr. López Pérez di que non estan falando diso agora, que lle está preguntando a él.

O Sr. Alcalde di que lle está preguntando unha cousa e contestoulle a esa pregunta e é o que lle contesta, porque leva catro ou cinco plenos con ese tema.

O Sr. López Pérez di que quere que conste na acta que o Alcalde non lle contesta.

O Sr. Alcalde di que está contestado e que o repite unha vez máis e vai ser a última vez que o diga, que se remite ó que dixo a Interventora accidental que estivo durante unhas meses e que deu unha cumprida, extensa e razoable explicación.

O Sr. López Pérez manifesta que ten dereito como membro desta corporación a facer rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde dille que ten dereito a contestarlle.

O Sr. López Pérez di que él fixo unha pregunta que o Sr. Alcalde se nega a contestarlle, e quere que conste en acta que á súa pregunta negase a contestarlle, que é o que pide. Pide de novo que conste en acta que se nega a contestarlle e que senón está grabado.

Prosegue preguntando o Sr. López Pérez, respecto a que quedou en informalos e non sabe se vai a ser neste Pleno de cómo se tiña resolto o caso do expediente do Director da Banda de Música e da Escola Municipal, que era un rogo compartido co Sr. Rodríguez Andina. Di que non sabe se o vai informar agora.

O Sr. Alcalde resposta que cando se remate informarase.

O Sr. López Pérez pregunta se de todo o que saíu nos medios non hai nada.

O Sr. Alcalde respóstalle que él non o dixo.

O Sr. López Pérez di que non dixo que o dixera él, pero preguntalle en sede plenaria se hai algo.

O Sr. Alcalde di que en sede plenaria lle di o que lle acaba de comentar.

O Sr. López Pérez pregunta se non hai resolución algunha do expediente do Director da Banda.

O Sr. Alcalde manifesta que non.

Prosegue con outra cuestión o Sr. López Pérez, manifestando que na rúa Doutor Moreda na parte de atrás da rúa do edificio onde estaba o guindastre fixo e despois o moveron para que xirara polo tema do vento, hai unha piscina chea de augas mortas enorme que pode medrar na época estival e non sabe se se pode facer algo.

O Sr. Alcalde contesta que sí e que de feito xa é consciente desa preocupación porque primeiramente para él como Alcalde , e polo que poida acontecer. Eso é dunha empresa que está desaparecida e que non se pode contactar con ela, pero que si contactaron co propietario da guindastre , e lle comentaron que estaba nesa situación e aínda que a empresa lles argumenta e lles pasa periódicamente certificacións de que a guindastre está coas revisións pasadas non consideran axeitado que estea nesas condicións por moitas revisións pasadas que teña, polo que foi convidado a que a retirara.

Esta empresa está facendo unhas xestións xudiciais porque está todo embargado a fin de poder eliminar e de poder sacar esa guindastre de ahí, e están niso.

Prosegue dicindo que hoxe mesmo falou co responsable da empresa dos guindastres e éste pide axuda ó Concello para axudarlle a acondicionar o sitio para sacalo pero accedía a petición do Concello de que o tiña que sacar, que non servía soamente aínda que estivera coa certificación de calidade e coa garantía pasada periodicamente, non sabe se cada mes ou cada dous meses, xa que entenden que había auga, que había un guindastre anclado nun formigón que estaba cheo de auga. Di que no que ten que ver co guindastre xa se estiveron facendo xestións e no que ten que ver coa auga quizais o Concello debe miralo xuridicamente e evacuar a auga, pero xa se evacuou unha vez e logo voltou a chover e volve outra vez, xa que entende que iso xa non é soamente da auga pluvial que cae, senón da drenaxe das terras colindantes, e iso vai ser moi complicado.

Dí asimesmo o Sr. Alcalde que o mellor é que unha empresa o adquira e se poña a construílo, pero en tanto iso non pase, haberá que tomar medidas. Entende que o máis preocupante e o tema do guindastre, o doutro lado pode haber unha cuestión de salubridade pero en todo caso, entende que é menor, aínda que non quere dicir que non poida ser maior.

O Sr. López Pérez para rematar di que lle gustaría que polos servizos da brigada municipal que corresponde se repararan eses bancos de madeira que se instalaron polas parroquias, en Vilaselán, etc, porque a maioría están rompendo todos, coa auga e están podres, e é unha pena.

Engade que está a Travesía da Paz que da vergoña vela, e dille que él que vive alí cerca, que está nun estado lamentable, ten un depósito de escombros, de andamios, de formigón, etc, e pregunta quen ten depositado ahí ese residuos de obras.

O Sr. Alcalde resposta que foi da mesma obra, unha paralización dunha obra que se fixo hai unhas meses e que se requeriu unha serie de documentación e unha serie de cuestións que él entende que as están aportando.

O Sr. López Pérez di que terá que sacalo de alí, que iso está nun estado lamentable, e lle gustaría que o foron ver, e a parte de escombros de construción, andamios vellos, sacos de area, etc

O Sr. Alcalde di que cre que ó que se está referindo é dunha obra colindante que está na Travesía da Paz lindando con Amando Pérez.

O Sr. López Pérez di que ahí hai ocupación de vía pública , e pregunta se a está pagando.

O Sr. Alcalde contesta que supón que a Policía Municipal pasa cargos e que él non está revisando os cargos que a policía pasa, pero entende que teñen

orden e instrucións desde hai moito tempo de pasar sistemáticamente todo o que sexa ocupación de vía pública.

O Sr. López Pérez insiste e di que revise o estado desa travesía xa que está nun estado lamentable.

Comenza o turno a Sra. Rodríguez Arca, do Grupo Municipal Socialista dicindo que ten tres rogos. O primeiro refírese a se se poden arranxar as barandillas da Praia dos Castros.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro de Medio Ambiente, contestalle que xa está feito.

Prosegue a Sra. Rodríguez Arca co segundo rogo sobre a pista que pasa pola granxa do "Sexto", que hai unha baixada e cando chove se deteriora e que foi amañada fai pouco tempo pero que está igual.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que foi amañada hai seis meses máis ou menos.

A Sra. Rodríguez Arca di que é na parte que fai unha baixada.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que enfrente do "Sexto".

O Sr. Castro Reigosa di que na granxa do "Sexto" hai un problema de evacuación de auga que está máis baixo cos terreos colindantes e que non ten saída, pero el cre que é un defecto das pistas da concentración, que quedou desde aquela e aínda que se amañe a pista e se poña unha taxea de saída non ten saída polo lado de abaixo e avanza pola finca colindante do lado de abaixo. O problema ahí desde hai anos que é un problema de sempre é desde que se fixeron as pistas de concentración.

O Sr. Alcalde di que non obstante van miralo.

O Sr. Castro Reigosa prosegue dicindo que parece ser que antes o da finca colindante tiña unha canle polo medio da finca pero o que a ten actualmente traballa a finca e non o ten.

A Sra. Rodríguez Arca pide que se se pode que se amañe ou se restaure a escola de San Xulián.

O Sr. Alcalde resposta que está esperando que os técnicos lle fagan un informe sobre a conveniencia de restaurala ou de demolela, porque estruturalmente o que lle dixeron verbalmente e que probablemente non serva para nada, que pidiu o informe hai unhas dúas semanas e aínda non llo fixeron.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, manifesta que ten un rogo para que se dirixa a Xunta de Galicia, xa que como tivo trascendencia mediática, non sabe se se tomou algún tipo de iniciativa polo Concello, para

que se lle comunique a existencia no Instituto Gamallo Fierros dun escudo preconstitucional para que se retire xa que está incumprindo a Lei da memoria histórica.

O Sr. Alcalde manifesta que acepta o rogo.

O Sr. Lopez Penabad, do Grupo Municipal do Partido Popular di que non sabe se o Grupo de Goberno sabe que houbo duascenas demandas de nichos no cemiterio e pregunta cando se van a comezar as obras xa que polo que todos saben que cando se fan os nichos teñen que pagar os que solicitan.

O Sr. Alcalde di que de boa fe quixo proponer unha ordenanza de tan boa fe, que a “tubaron”.

O Sr. Lopez Penabad continúa dicindo que se hai terreo e ganas de facelo.

O Sr. Alcalde di que ganas de facelo hai pero que ten que haber incluso unha consideración orzamentaria, xa que quixeron facer sen consignación e lle dixeron que non, que aínda que aportacións ían ser por parte dos usuarios que hai que prevelo no presuposto e o teñen previsto como xa lle comentaron os portavoces.

Os portavoces poñen de manifesto que non se lles comentou nada diso, e que algun se da por enterado.

O Sr. Lopez Penabad, prosegue dicindo que fai pouco estiveron na inauguración, e se corrixe, e di, no renovo do cuartel de Garda Civil, e deixaron hacia Cantalarrana, sen facer, o borde da beirarrúa pero non a fixeron, e pide se non se lle podería dar continuidade, que está feito o bordillo pero están sen poñer as baldosas.

O Sr. Alcalde di que iso leva moitísimos anos sen facer e incluso o portavoz do Partido Popular lle suxeriu alí que llo dixera ó Subdelegado e quere aproveitar aquí, para reiteralo.

Pide o Sr. Lopez Penabad, que quede constancia. Prosegue preguntándolle se se acorda da finca de Vilaselán e pregunta se segue igual.

O Sr. Alcalde di que si que segue igual pero case asegura que o informe foi mandado, senon o van escoitar, porque o Alcalde xa mandou varias veces facelo.

O Sr. Reymondez Gancedo di que xa o avisou que mentres non se limpara que llo ía dicir en todos os plenos

A Sra. Sanjurjo Santar di que ten unha cuestión que ten que ver coa Travesía da Paz, xa que agora que ven a época estival, a ver se se lle presta atención

ao cuidado das praias e da zona vella ,e a ver se se vai solicitando xa que se desbrocen as cunetas antes de novembro.

O Sr. Alcalde pregunta a que cunetas se refire.

A Sra. Sanjurjo Santar di que as da Deputación, xa que a herba vai medrando e cando menos hai que cortala.

O Sr. Cupeiro di que despois do esforzo que se está facendo co tema das cunetas, e do que pensan os veciños diso lle parece que non sabe se nalgún momento da historia se fixo tanto respecto ó desbroce de cunetas, cre que non cabe dúbida. Di que agora mesmo acaba de chover unha barbaridade , e que quenta o sol e medra a herba, e ela que é de aldea como a él saben o que medra a herba. Di que a autorización da Deputación xa a teñen na súa man , pero que outra cousa son os prazos que lles da a Deputación para desbrozar, xa que é cando eles mandan non cando o Concello queira, a autorización xa a teñen e o convenio xa está asinado.

A Sra. Sanjurjo Santar di que se alegra.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular di que quere reiterar aínda que igual xa o fixeron , o que dixo no último Pleno , de se xa estudaron se se pode facer na realidade o que se está facendo na Escola de Música e na dirección da Banda, poñendo por separado unha cousa da outra. Insiste que naquel momento deronlle unha explicación os estatutos de Amadores e él cre que con iso non se amaña nada, que insiste , non sabe como dicilo , pero se non o estudaron que o estuden.

Por último , explica tamén o Sr. Rodríguez Andina que a efectos de que poidan entre todos estudalo, di que , como todos saben, na zona onde hai que poñer o reloxo nos coches hai verdadeiras dificultades e moitos problemas, xa que hai xente que non da localizado o reloxo e entón aparcan, os multan, etc. A efectos de que todo o mundo o vaia pensando , se lles parece oportuno, porque non se pensou nunha posibilidade dun mixto: parquímetro e reloxímetro , de maneira que o que teña reloxo pono alí e xa está, pero o que ven pola tarde de compras e resulta que preferirá en vez de pagar unha multa meterlle cincuenta céntimos de euro para estar un rato. Di que é unha aportación.

O Sr. López Pérez do Grupo Municipal Socialista ,di que hai un acordo plenario nese sentido que está sen executar, de todos os grupos.

O Sr. Alcalde manifesta que si que o hai, que eles o estiveron mirando pero que aínda non lles comentaron nada, que hai unha cousa que lle parece que pode ser un galimatías, que igual unha zona mixta está ben, pero que todo o mundo ten que pagar. Prosegue dicindo que logo vaise xenerar unha polémica cos que son de aquí, pero para moita xente está fantástico , aínda que haxa



algunha que non teña o reloxo, pero o da zonas mixtas cre que non é agora o momento de falar.

O Sr. López Pérez di que hai un acordo plenario e que se podían reunir na comisión correspondiente os portavoces.

O Sr. Alcalde di que estivo facendo xestións e que xa ten algunha proposta enriba da mesa e non sabe se vai a ter máis, estivo mirando as posibilidades que podían dar lugar.

O Sr. López Pérez di que na súa opinión é o mellor sistema, cobrar un prezo simbólico.

O Sr. Alcalde di que entón van acabar cobrando, e que en que quedamos, que unhas cousas non saen porque se cobra e outras queren que se cobre.

O Sr. López Pérez di que sería algo simbólico, 20, 25 centimos.

O Sr. Alcalde di que de acordo, pero hai que ver o custo da máquina que non son 3.000€ nin 4.000€, son 5.000€ ou 6.000. Di que para él o máis razoable sería pagar cun ticket, pero que é como a ordenanza dos nichos, que non se aprobou, e agora queren que se cobre.

O Sr. Rodríguez Andina pide ao Sr. Alcalde que non terxiverse a súa proposta, que están falando dun mixto entre o reloxo e o pago, eles non dixeron que había que cobrarlle a todo o mundo, o que dicen e que como saben que hai xente que chega e non pode conseguir o reloxo se aparca alí caelle unha multa, pero que non é algo para debatir agora no Pleno

O Sr. Alcalde di que xa no seu momento se sentarán e debatirán, pero que a máquina esa non custa “catro pesos”, pero que se se compra algo hai que intentar amortizalo, e para iso non se pode cobrar simbólicamente vinte céntimos.

O Sr. López Pérez di que o que esteña estipulado no resto das cidades.

O Sr. Alcalde di que a fin de contas non vai haber máis sitio, que son so 60 ou 70 prazas.

O Sr. Rodríguez Andina di que para 60 ou 70 prazas se poden meter dúas máquinas .

O Sr. Alcalde dille que si, pero que cada máquina é moi costosa.

De seguido polo Sr. Alcalde levantase a sesión, sendo as vinteduas horas e trinta minutos extendéndose a acta presente, do que, como Secretario, certifico.

